This is a digital copy of a book that was preserved for generations on library shelves before it was carefully scanned by Google as part of a project to make the world's books discoverable online.

It has survived long enough for the copyright to expire and the book to enter the public domain. A public domain book is one that was never subject to copyright or whose legal copyright term has expired. Whether a book is in the public domain may vary country to country. Public domain books are our gateways to the past, representing a wealth of history, culture and knowledge that's often difficult to discover.

Marks, notations and other marginalia present in the original volume will appear in this file - a reminder of this book's long journey from the publisher to a library and finally to you.

Usage guidelines

Google is proud to partner with libraries to digitize public domain materials and make them widely accessible. Public domain books belong to the public and we are merely their custodians. Nevertheless, this work is expensive, so in order to keep providing this resource, we have taken steps to prevent abuse by commercial parties, including placing technical restrictions on automated querying.

We also ask that you:

+ *Make non-commercial use of the files* We designed Google Book Search for use by individuals, and we request that you use these files for personal, non-commercial purposes.
+ *Refrain from automated querying* Do not send automated queries of any sort to Google's system: If you are conducting research on machine translation, optical character recognition or other areas where access to a large amount of text is helpful, please contact us. We encourage the use of public domain materials for these purposes and may be able to help.
+ *Maintain attribution* The Google "watermark" you see on each file is essential for informing people about this project and helping them find additional materials through Google Book Search. Please do not remove it.
+ *Keep it legal* Whatever your use, remember that you are responsible for ensuring that what you are doing is legal. Do not assume that just because we believe a book is in the public domain for users in the United States, that the work is also in the public domain for users in other countries. Whether a book is still in copyright varies from country to country, and we can't offer guidance on whether any specific use of any specific book is allowed. Please do not assume that a book's appearance in Google Book Search means it can be used in any manner anywhere in the world. Copyright infringement liability can be quite severe.

About Google Book Search

Google's mission is to organize the world's information and to make it universally accessible and useful. Google Book Search helps readers discover the world's books while helping authors and publishers reach new audiences. You can search through the full text of this book on the web at `http://books.google.com/`

Acerca de este libro

Esta es una copia digital de un libro que, durante generaciones, se ha conservado en las estanterías de una biblioteca, hasta que Google ha decidido escanearlo como parte de un proyecto que pretende que sea posible descubrir en línea libros de todo el mundo.

Ha sobrevivido tantos años como para que los derechos de autor hayan expirado y el libro pase a ser de dominio público. El que un libro sea de dominio público significa que nunca ha estado protegido por derechos de autor, o bien que el período legal de estos derechos ya ha expirado. Es posible que una misma obra sea de dominio público en unos países y, sin embargo, no lo sea en otros. Los libros de dominio público son nuestras puertas hacia el pasado, suponen un patrimonio histórico, cultural y de conocimientos que, a menudo, resulta difícil de descubrir.

Todas las anotaciones, marcas y otras señales en los márgenes que estén presentes en el volumen original aparecerán también en este archivo como testimonio del largo viaje que el libro ha recorrido desde el editor hasta la biblioteca y, finalmente, hasta usted.

Normas de uso

Google se enorgullece de poder colaborar con distintas bibliotecas para digitalizar los materiales de dominio público a fin de hacerlos accesibles a todo el mundo. Los libros de dominio público son patrimonio de todos, nosotros somos sus humildes guardianes. No obstante, se trata de un trabajo caro. Por este motivo, y para poder ofrecer este recurso, hemos tomado medidas para evitar que se produzca un abuso por parte de terceros con fines comerciales, y hemos incluido restricciones técnicas sobre las solicitudes automatizadas.

Asimismo, le pedimos que:

+ *Haga un uso exclusivamente no comercial de estos archivos* Hemos diseñado la Búsqueda de libros de Google para el uso de particulares; como tal, le pedimos que utilice estos archivos con fines personales, y no comerciales.

+ *No envíe solicitudes automatizadas* Por favor, no envíe solicitudes automatizadas de ningún tipo al sistema de Google. Si está llevando a cabo una investigación sobre traducción automática, reconocimiento óptico de caracteres u otros campos para los que resulte útil disfrutar de acceso a una gran cantidad de texto, por favor, envíenos un mensaje. Fomentamos el uso de materiales de dominio público con estos propósitos y seguro que podremos ayudarle.

+ *Conserve la atribución* La filigrana de Google que verá en todos los archivos es fundamental para informar a los usuarios sobre este proyecto y ayudarles a encontrar materiales adicionales en la Búsqueda de libros de Google. Por favor, no la elimine.

+ *Manténgase siempre dentro de la legalidad* Sea cual sea el uso que haga de estos materiales, recuerde que es responsable de asegurarse de que todo lo que hace es legal. No dé por sentado que, por el hecho de que una obra se considere de dominio público para los usuarios de los Estados Unidos, lo será también para los usuarios de otros países. La legislación sobre derechos de autor varía de un país a otro, y no podemos facilitar información sobre si está permitido un uso específico de algún libro. Por favor, no suponga que la aparición de un libro en nuestro programa significa que se puede utilizar de igual manera en todo el mundo. La responsabilidad ante la infracción de los derechos de autor puede ser muy grave.

Acerca de la Búsqueda de libros de Google

El objetivo de Google consiste en organizar información procedente de todo el mundo y hacerla accesible y útil de forma universal. El programa de Búsqueda de libros de Google ayuda a los lectores a descubrir los libros de todo el mundo a la vez que ayuda a autores y editores a llegar a nuevas audiencias. Podrá realizar búsquedas en el texto completo de este libro en la web, en la página `http://books.google.com`

A 906,340

1817
ARTES VERITAS SCIENTIA
LIBRARY OF THE
UNIVERSITY OF MICHIGAN
TUEBOR
SI QUÆRIS PENINSULAM AMŒNAM
CIRCUMSPICE



230
.M15

BIBLIOTECA

DE LAS

TRADICIONES POPULARES ESPAÑOLAS

FOLK-LORE ESPAÑOL

BIBLIOTECA

DE LAS

TRADICIONES POPULARES

ESPAÑOLAS

TOMO XI

Director: ANTONIO MACHADO Y ÁLVAREZ

MADRID
LIBRERÍA DE FERNANDO FÉ
Carrera de San Jerónimo, 2

1886

Las obras publicadas en esta *Biblioteca* son propiedad de sus autores, y esta edición de los Sres. Alejandro Guichot y Compañía.

MADRID. — Est. Tip. de Ricardo Fé, Cedaceros, 11.

Folklore
Nijhoff
5-3-30
20186

CANCIONERO
POPULAR GALLEGO

Y EN PARTICULAR DE LA PROVINCIA DE LA CORUÑA

POR

JOSÉ PÉREZ BALLESTEROS

Tomo III

AGRAVIOS

—

1. Adiós, miña queridiña,
¡tiñas un bô lavadoiro!
¡si che baixo monte abaixo
heiche de *mallar* o lombo! (golpear)

2. Cando acabes de comer
darásll'unha volt'â mesa;
¡non digas ti que t'acordas
de cousa que non ch'intresa!

3. Eres unha *sambesuga* (sanguijuela)
¡pol-o que levas *sugado!* (chupado)
teño un can n'a miña eira,
heich'o de botar ô rabo.

4. *Cheguei* â viña por uvas (llegué)
e con follas topei sólo,

dixèch'onte: (1) «seréi tua»,
e hoxe dis: (2) «non m'acordo».

5. Chamácheme prata falsa
¡o ouro máis che valía!
trocáchem'á min por outra
eso non ch'o merecía.

6. Eu ben sei á quen *dixeche* (dijiste)
que me non (3) podías ver,
á min non se me dá nada;
pero estímoch'o saber.

7. Malas novas de ti vayan
e d'o leite que mamache,
¿quén che contóu mal de min
que tan pronto m'olvidache?

8. Meniña, miña meniña,
os mandamentos son dés;

(1) *Dixèch'onte:* dijiste ayer.
(2) *Hoxe dis:* hoy dices.
(3) *Me non:* trasposición muy común en el gallego, y de la cual hay ejemplos en el *Cancionero* inédito castellano del siglo XV, perteneciente á la biblioteca de S. M. D. Alfonso XII, y que el anotador Gómez Nieva creyó infundadamente erratas del original.

¡para ti e para min
foron feitos ô rivés!

9. Meu amor ¡e non me fala!
sei que o tèn de grandeza,
unha rapaciña nova
trai o vento n-a cabeza.

10. Non me mira o meu amante
con olliños de piedá;
pois ¡á min non me *colleu* (cogió)
en ningunha falsedá!

11. Non pensei qu'a silva seca
posta n-o mar que prendía;
non pensei qu'a tua lengua
tanto m'á min [1] ofendía.

12. Olvidácheme por probe,
eu á ti por *lacazán*, (holgazán)
eu xa vin un *cocho* gordo (cerdo)
comendo a mellor mazán.

(1) *M'á min:* otra trasposición.

13. Os ollos con que me miras
non son os acostumbrados;
á leguas se che conoce
qu'andan os tempos mudados.

Los cantares del grupo anterior, excepto el 6 y 10 proceden del partido judicial de Betanzos, distritos de Aranga y de San Pedro de Oza. El 6 fué obtenido en Ares, partido judicial de Puentedeume. El 10 en Vivero, provincia de Lugo.

AGRÍCOLAS

1. Teño unha roza (1) de m...
voulle facer *a debaxa*, (2)
para lle poñer o lume
o tempo d'a queima pasa.

Obtenido en Cuíña, partido judicial de Betanzos.

(1) *Roza:* se aplica este nombre á la superficie del monte que se ha de quemar, ó mondar y quemar, antes de sembrarlo de cereales. Con más propiedad se aplica á la operación de cortar ó *rozar* la leña por el pie.
(2) Mondar el monte para quemarlo.

AGUINALDO

—

1. Tráya o aguinaldo,
si o ha de dar,
castañas e *zonchos* (1)
para *debullar.* (2)

2. Déanol-o aguinaldo,
señora, por Dios;
pol-o nacemento
d'o fillo de Dios.

3. Déa o aguinaldo
si o ha de dar;
déa o aguinaldo
qu'o fai desear.

(1) Castañas cocidas con la cáscara.
(2) Mondar las castañas ó desenvainar los guisantes, judías, etc.

4. Escóiten, señores,
o guinaldo novo,
que naceu Xesús
metido n-un ovo.

5. A ama de casa
se foi â dispensa
cortar o touciño
c' un cuchillo fino;
un par de pesetas
nos iban a dar,
aténdan, señores,
á este cantar:
traémol-a bota
pra levar o viño,
e pra levar os ovos
un *caraveliño.* (cestillo)

Obtenido en Cerbo, provincia de Lugo.

ALBORADAS

—

1. Mi-lagroso
San Antonio,
lé-va-no (1)
catro ferreiros
sin-chaqueta
e sin sombreiros.
Ai-Jesús,—qué condenados, (2)
que levan os ciriales
apagados e encendidos
encendidos e apagados.

2. San-Silvestre (1)
San-Silvestre,
can-to comas
non ch'empreste.
non-ch'em-preste,
non-ch'em-preste.

(1) Pausado el canto.
(2) Aprisa el canto.

AMOROSOS

1. Acába de darme o sí,
acába de darme o non,
de estar sentado â tua porta
xa se me rompe o calzón.

2. Adiós, querida de outros,
algún día fuche miña,
mali'a quen foi a causa
d'olvidarte, prenda miña.

3. A luna vai encuberta
c'un pano de *morselina* (muselina)
os ollos qu'á min me queren
paséanse n-a Mariña.

4. Amores como os meus
á tí non che faltarán,

pero firme como eu
¡co-o tempo se verán!

5. A moza qu'é caladiña,
e non di mal de ninguén,
canto máis baixiño mira
tantos máis amores ten.

6. Anqu'â tua porta me poñan
á artillería volante
e á teu pai de artilleiro
teño de seguir adiante. (1)

7. Anque paso e non che falo
non te deixo de querer;
fágo-q (2) d'intento, meu ben,
por non-o dar á entender. (3)

8. Anque teña máis amores
que d'areas ten o mar
sólo por ti, queridiña,
todol-os hei d'olvidar.

(1) Es igual á uno castellano.
(2) *Fágo-o:* lo hago.
(3) Parecido á uno castellano.

9. Anque teña máis amores
que unha media tèn de puntos
sólo por t'amar á ti
todol-os olvido xuntos.

10. Antón era eu
andaba n-o baile
non sei que lle deu. (1)
Non sei que lle deu
nin que lle daría
tiña os seus amores
por donde él quería.

11. Aquí n'esta rua ¡ai!
aquí n-esta rua é
aquí teño os meus amores
aquí fago fincapé.

12. Aquí n-este sitio, sitio,
aquí n-este sitio canto, (2)
aquí teño os meus amores
¡que lles quero tanto, tanto!

(1) *Deu* del verbo *dar* en algunas partes se sustituye por dou.
(2) Asiento de piedra sin labrar.

13. Aréa areíña
area d'o mar
area dilixente
por verte navegar.
Despóis de embarcada
enseñareite á bogar
tan sólo, miña nena,
por verte navegar;
¡tan sólo, miña nena,
sereniña d'o mar! (sirenita)

14. A raya d'o sol, meniña,
n-a tua cama vai dar,
¡qué moito, de que t'eu busque
cando *t'o sol* (1) vai buscar!

15. Á tua porta briosa
deseara de vivir
e ô pe d'a tua cama
cando te vas á dormir.

16. Á tua porta hai lama
si a hai eu ben o sei,

(1) Trasposición frecuente en gallego.

por teu gusto regalado
tamén a pasearéi.

17. Augua d'o faro d'a Cruña (1)
augua d'o lindo beber
quen amores ten ô lonxe
máis lle valera no-os ter.

18. Costureira bonitiña,
bonitiña costureira,
o dia que te non vexo
hastra me cai a monteira.

19. Críate, vaite criando,
rosa blanca, n-o xardín,
críate, vaite criando,
que te crias para mí.

20. Cristobiño, Cristobiño
moito che quero, Cristobo;
si te m'enredas con outras
¡vante poñer como novo!

(1) Fuentecilla inmediata al faro llamado Torre de Hércules.

21. Chamácheme cachorriño;
mais eu non mordo á ninguén
e si ladro â tua porta
é porque che quero ben.

22. Chamoum'un mozo bonita;
nunca, por Dios, m'o chamara,
que dend'entonces sosego
non vexo n-a miña alma.

23. Debaixo d'a oliveira
non chove nin fai *orballo:* (rocío)
rapaza, s'has de ser miña
non deas tanto traballo.

24. Debaixo d'a tua ventana,
debaixo d'o teu balcón,
debaixo d'a tua ventana
has de ter conversación.

25. Díxom'o teu Antoniño
que se imos á pasear
que lle pases parte â noite
qu'él virá pol-a mañán.

26. Entre dous que ben se queren
e s'atopan n-o camiño
se lles mudan as colores
e amostran o seu cariño.

27. Escribir e non firmar
é como escribir n'o vento:
¡quén me dera á min saber
donde tès o pensamento!

28. Escribírach'unha carta
se ti a *souberas* lèr (supieras)
pró non quero qu'outro sepa.
cánto é o meu querer.

29. Este meu pau de *carballo* (roble)
nó-é dereito como eu quero,
por causa tua, rapaza,
todas as noites desvelo.

30. Estreliña d'o luceiro
a de moita claridá:
vais'o día, vais'a noite
vais'a nosa mocedá. (1)

(1) Casi igual á otro del tomo II.

31. Eu ben sei á quen ti amas
ti á min todo m'o negas,
si eu vivo e si ti vives
veremos á quén te entregas.

32. Eu hei d'ir, eu hei de vir,
hei de vir, hei de tornar:
eu hei d'ir, eu hei de vir,
e d'unha t'hei de levar.

33. O primer amor que teña
ha de ser d'un estudiante,
para que cando me morra
un responsiño me cante.

34. Pol-o *burato* d'a porta (agujero)
dáme, dáme un pouco lume,
quero encender o cigarro
onde teño de costume.

35. Por ben qu'o loureiro medre
ô Ceo n'ha de chegar, (al cielo)
por ben amores que teña
á ti non t'hei d'olvidar.

36. Por esta ría, neniña,
paseáchete ben ayer
tamén o teu Antoniño
¡paseóu e sen te ver!

37. Quén che dixo, quén che dixo,
qu'eu lavaba n-o *regueiro:* (arroyo)
conocinte n-o cantar
seguinte pol-o carreiro.

38. Quén me dera o meu *loureiro* (laurel)
donde o aire inda non dera;
quén me dera os meus amores
donde ninguén m'os *soubera.* (supiera)

39. Que noite de luna fai
para ir pol-a alameda
cúbreme co'o teu capote
qu'a mantilla me branquea.

40. Quen ten amores non dorme
eu tamén así facía
agora que no-nos teño
durmo de noite e de día.

41. Quén te me dera, miniña
miniña, quén te me dera
quén te me dera, miniña,
sentada aquí n-esta pedra.

42. Quéreme á mín, nena,
quéreme á mín, nena,
quéreme á mín, sol;
quéreme á mín, nena,
que son de Ferrol.

43. Quéreme á mín, nena,
quéreme á mín, nena,
quéreme á mín, cielo;
quéreme á mín, nena,
que son de Viveiro.

44. Quéroche ben, queridiña,
quéroche ben pol-a lus
quéroche ben, queridiña,
¡así me queira *Jesús!* (1)

(1) Esta palabra la oyó el colector pronunciar como en castellano.

45. Quéroche ben, queridiña,
quéroche ben que n'hai duda,
habémonos d'enterrar
os dous n'unha sepultura.

46. Quixera ser cravo d'ouro
donde colgas o candil
e en tua compaña estar
cando te vas á dormir.

47. Río abaixo, río arriba
río de tantas colores (1)
cando o río leva tantas
¡qué farán os meus amores! (2)

48. Río tinto, río tinto,
río de moitas colores
cando o río leva tantas
qué farán os meus amores.

(1) El género femenino aplicado á los colores.
(2) Parece castellano.

49. Ruliña, que vas volando
sin facer caso á ninguén,
vái e dille á aquela nena
que sempre a quixen ben.

50. Sementéi e non collín
abéas n'unha revolta;
val máis un amor de lonxe
que vintecinco d'a porta.

51. Si chove deixa chover;
si orballa, deixa orballar;
que por máis que chova e chova
de ti non m'hei d'apartar.

52. Soliño un amor eu tiña
ûn soliño e nada máis,
e por desventura miña
fóisem'aló para Cáis.

53. Tanto é o que che quero
cariño que ch'hei tomado,
qu'o día que *te non vexo* (1)
penso que m'has olvidado.

(1) Trasposición frecuente.

54. Tanto teño d'ir e vir,
meniña, ô teu lugar;
tanto teño d'ir e vir
que d'unha t'hei de levar.

55. Toda-las flores de Mayo
e as escarchas de Xaneiro
non valen pra comparar
un amor que'é verdadeiro.

Los números 1, 7, 9, 10, 12, 14, 20, 22, 23, 24, 28, 33, 39, 40, 42, 43, 44, 46, 49, 52 y 55, fueron obtenidos en varias parroquias del partido judicial de Betanzos. El 54 en Santiago de Compostela.

ANIMALES, PLANTAS Y FRUTAS

—

1. A castaña n'o ourizo
eu ben vos sei o que fai,
s'é que está verde, madura,
e si está madura câi.

2. A castaña n'o ourizo
quixo ver e reventóu
caéu d'o *castiro* (1) abaixo
¡mira que golpe levóu!

3. Arriba sí, abaixo non,
onde se dá a laranxa
tamen se dá o limón.

(1) Castaño; en otras partes se dice *castiñeiro*.

4. A sombra d'o pexeguéiro
é unha sombra moi soave,
faiche com'o pan de trigo
¡válgame Dios, cómo sabe!

5. Eu ben vin estar *o cuco* (el cuclillo)
debaixo d'unha *escudilla*: (taza)
así como foi verdá
tamén pudo ser mentira.

6. Eu ben vin estar o cuco
enriba d'un *paspallás;* (codorniz)
se foi verdá ou mentira
¡mira á min qué se me da!

7. Eu pídoll'o leite â vaca,
a vaca pídem'a herba;
herbiña lle pido ô prado
e o prado pídeme rega.

8. Eu teño un canciño
e usté tèn tres,
ô máis pequeniño
chámanlle Andrés.

9. Eu teño un canciño
e usté tèn catro,
ô máis pequeniño
chámanlle Estaquio.

10. Eu teño un canciño (perrito)
e usté tèn cinco,
ô máis pequeniño
chámase Xacinto.

11. Eu teño un canciño
e usté tèn seis,
ô máis pequeniño
chámanlle Rei.

12. Eu teño un canciño
e usté tèn sète,
ô máis pequeniño
sempre está *peneque*. (borracho)

13. Eu teño un canciño
é usté tèn sète,
ô máis pequeniño
chámanlle Silvestre.

13. Eu teño un canciño
e usté tèn nove,
ô máis pequeniño
chámanlle Xacobe.

14. Miña, comadre *formiga*, (hormiga)
veño á que me preste un pan,
—meu compadre *escarabello*, (escarabajo)
héill'o de cocer mañán.

15. N'a viga d'o meu *sobrado* (1)
de cote pòn a *anduriña* (golondrina)
dorme n-o niño de noite
espértam'ô abrir d'o día.

16. Non ch'as quero, non ch'as quero,
castañas d'o teu asado
non ch'as quero, non ch'as quero,
que me *cheiran* á queimado. (huelen)

17. N'o outro lado d'o río
ten meu padre un castiñeiro
dá castañas n-o Agosto
uvas brancas n-o Xaneiro.

(1) Habitación alta.

18. O can, o can,
o demo d'o can,
comeull'as cirolas
ô meu ferrolán,
¡ai! que ll'as pegan
¡ai! que ll'as dan,
¡ai! que ll'as pegan
ô deño d'o can.

19. O piollo e mai l'a pulga
quérense casar,
por falta de *pan* (grano)
non poden *mallar*. (trillar)

20. Saléu a formiga
por só'o chan:
«fágame as bodas
qu'ei daréi o pan.»

21. Agora o pan
xa o temos:
¡viño de mi vida!
¡dónde o buscaremos!

22. Saléu un mosquito
por detrás d'o lagar:
«traéd-os pelexos
e vídeo buscar.»

23. Agora viño
xa o temos:
¡vaca de mi vida,
dónde a buscaremos!

24. Saléu a loba
por detrás d'a *burata:* (1)
«fágans' as bodas
qu'eu daréi a vaca.»

25. Agora, vaca
xa a temos:
¡gaiteiro de mi vida,
dónde o buscaremos!

26. Saléu o galo
co'o seu *ranqueiro:* (2)

(1) Femenino de agujero; se emplea para designar los más grandes y más abiertos.
(2) Horquilla formada por las plumas grandes de las alas; el guadaño también se llama *ranqueiro*.

«fáganse as bodas
qu'eu seréi o gaiteiro.»

27. Ahora gaiteiro
xa o temos:
¡tamborileiro de mi vida
dond'o buscaremos!

28. Saléu o gato
por sô-o corredor:
«fágans'as bodas
qu'eu seréi tambor.»

29. Agora tambor
xa o temos:
¡dancista de mi vida,
donde o buscaremos!

30. Saléu a galiña
c-a sua *crista:* (cresta)
«fáganse'as bodas
qu'eu seréi o dancista.»

31. Agora dancista
xa o temos:

¡padriño de mi vida,
donde o buscaremos!

32. Saléu o rato
po-l-o seu *buratiño:* (agujerito)
«fágans' as bodas
qu'eu seréi o padriño.»

33. Agora, padriño
xa o temos:
¡madriña de mi vida
donde a buscaremos!

34. Saléu a rata
co a sua mantilla:
«fágans' as bodas
qu'eu seréi a madriña.»

35. ¡O piollo e a pulga
están por casar
porque o tambor
pillou ó padriño
e vaino merendar!

37. O raposo vai berrando
po-l-o monte d'a Tieira,
colgado n-o rabo leva
o zagal d'a costureira.

38. Paxariño millarengo,
pónte n-a punta d'o toxo;
moito gusto *m'á min dan* (1)
as penas d'os pelo roxo.

39. Pasei a ponte d'o *Porco* (2)
boteille a man pol-o lombo:
San Antonio te defenda
¡porquiño, cáse estás gordo!

40. Pereiriña de don Guindo
heiche de dar un abalo
e, se non sóltal-as peras
logo ch'arrimo o machado.

41. *Pirixel*, pirixeliño, (perejil)
pirixel prantéino eu,

(1) Es notable la trasposición *m'á min dan*, única diferencia de otro cantar copiado ya.
(2) Arriba de Betanzos.

o pirixel *tráno* as nenas (tráenlo)
que veñen d'o *xubaleu.* (jubileo)

42. Pol-a mar abaixo
vai una formiga
c'unha man na frente
outra n'a barriga.

43. Prantou, cando nos casamos,
o meu home un laranxeiro;
hoxe laranxas xa dá
e as come o vinculeiro.

44. Rapaciñas de Pousada,
podedes rapar o monte;
que morreron os carneiros
e encarecéu o *semonte.* (1)

45. Salgueiro prende de escalo,
ameneiro de raís;
amores que fostes d'outros
para min non me servís.

(1) Paño burdo hecho con lana del país.

46. Sardiña de chan de lombo
case brinca n-o *panel* (cesta muy plana)
pequeniña, redondiña,
así quer ser a muller. (1)

47. Tamén a folla d'o millo
amostra ter picardía:
¡garda o *orballo* d'a noite (rocío)
para beber pol-o día!

48. Teño unha galiña choca
ham'-a de comer o cuco (hámela)
se dá tres voltas n-o aire
¡tócall'o pito, Farruco!

49. Teño unha galiña *choca* (clueca)
que m'a choqueóu o cuco,
doulle tres voltas n-a cama
tócall'o pito, Farruco.

50. Unha rosa no-n-a queiras,
unha rosa non é nada,

(1) Frase gallega que equivale á «tal es la condición que debe tener».

iremos po-l-as roseiras
collerás unha manada.

51. Vela ahí vai, vela ahí vai,
a raposa pol-o millo,
ela-dis-que non fai mal
pero vaino sacodindo. (1)

52. Vela ahí vái, vela ahí vái,
a raposa pol-o prado,
ela-dis-que non fai mal,
¡pero vaino levantando!

53. Xa-niño,-Xan,
as cabras n-o pan:
viola, viola
que xa che van fora.

Los números 2, 3, 4, 5, 19 á 41, 48, 49 y 50 fueron obtenidos en varias parroquias del partido judicial de Betanzos. El 17 en Carballo, provincia de la Coruña. El 45 en varios puntos de la misma provincia y el 53 en Cerbo, provincia de Lugo. El 18 en el distrito de Bujan, partido judicial de Ordenes.

(1) Este y el siguiente son semejantes á otros cantares ya copiados.

ARITMÉTICA

1. Vintecinco servilletas
seis reás en cada punta,
mozo de tanta sabencia
respóndem'á esta pregunta:
—Déixame botar a conta,
déixame botar ¡chavales!
vintecinco servilletas
hasen seisientos reales. (1)

2. —Catorce centos de gatos
¿qué pelos poderán dar?
—Arrastra o zapato
e vólveo á arrastrar
e a *meiga* de tu madre (bruja)
que ll'os veña contar.

El cantar número 1 fué obtenido en Cerbo, provincia de Lugo. El 2 en Elviña, próximo á la Coruña.

(1) Frase castellanizada.

ASTROS

1. As estrelas miudiñas
son as que compón o tempo:
díme, díme, rapaciña
onde tél-o pensamento.

2. Estreliña d'a fartura,
aluméame, aluméa,
mentras que non ven a luna.

3. As estrelas ô poñente
son moi malas de contar,
porque Dios as ten dispostas
cada unha en seu lugar.

AUSENCIAS

—

1. ¡Ai! quén ch'*anduriña* fora, (golondrina)
anduriña d'outra banda,
qu'ô meu amor, un suspiro,
n-o piquiño lle levara.

2. A luna vai encuberta
c'un pano de tafetán;
os ollos qu'á min me queren
n-esta terra non están.

3. Antonciño foise, foise,
deu un tiro n-a portela;
quedáno dicindo as nenas
«alá vai o ben d'a terra».

4. Anque me vou non m'ausento,

anque me vou de palabra
non me vou de pensamento. (1)

5. As estrelas andan altas,
a noite ben crara está;
non sei s'aquel en que penso
de min s'olvidará.

6. Ben te vin estar ausente,
meu ramiño d'azafrán;
ben te vin estar ausente,
non che puden dar a man.

7. N'o camiño de Castilla
moito pican as areas;
¡picarán á meu hirmán
qu'anda por terras alleas!

8. Quén me dera estar tan alta
como a estrelliña d'o Norte
para saber qué lle pasa
á meu amante esta noite.

(1) También se canta repitiendo el primer verso.

9. Toméi a tabla d'a jarcia
e n-a cofa me sentéi;
¡alí foron os suspiros
cando de tí m'acordei!

Los números 2, 3 y 5 fueron obtenidos en el partido judicial de Betanzos. El 5 y 8 en Ares, partido judicial de Puentedeume.

BAILE Y MÚSICA

—

1. A muiñeira bèn-a baila
aquel garrido rapás,
é viciño de Currela
e fillo d'o sacristán.

2. A muller de *¡malpocadó!* (infeliz)
está bailando n-a eira,
e ¡malpocado! mirando
cómo a muller se peneira. (1)

3. Báila, queridiño, báila,
báila, ben podes bailar,
que levas a millor moza
qu'hai hoxe n'este lugar.

(1) Este cantar es casi igual á otro que queda copiado.

4. Báila, queridiño, báila,
báila, que podes bailar,
pero un mozo que te mira
c'o as costas che vai andar.

5. Noya, Noya,
tócall'á Noya,
tócall'á tamboril.
Os rapaciños de Noya
¡n'a miña vida tal vin!
Noya, Noya,
tócall'á Noya,
tócall'o tamboril.
Quixen engañar á Noya
e Noya engañoum'á min;
Noya, Noya,
os rapaciños de Noya
n-a miña vida tal vin.

6. O cantar quèr vir de gracia
o bailar quèr s'aprender,
o qu'ha d'andar pol-o mundo
de todo tèn que saber.

7. Paséi po-l-a calle d'o *Monte*, (1)
si quès que ch'o conte
ch'o vou a contar:
estaba unha nena sentada
que está xa cansada
de tanto bailar,
e que seeee vai á casar.

8. Ti que ll'as deches,
férbell'as berzas,
vólvell'as noces,
torna detrás;
co'as castañolas
por mor d'as moscas
co-as castañolas
tra-ca-rras-trás.

9. Tiroliro, miña gaita,
tiroliro, que che falta
tèl-o viño n-a bodega
e o pan de trigo n-a arca.

(1) Arrabal de la Coruña.

10. Veña o pandeiro, á ruar,
qu' estas son as mazarocas
qu' hoxe teño *de* fiar. (1)

Los números 2, 3, 4, 6 y 10 fueron obtenidos en el distrito de Aranga, partido judicial de Betanzos. Los 5, 8 y 9 en la Coruña, en cuya ciudad se canta como contemporáneo, y con música especial, el núm. 7.

(1) El verbo *ter* con el aditamento de la preposición *de*, como aparece en este cantar, sólo tiene uso en la primera persona.

BURLESCOS

—

1. A aldeíña de Mandayo
é aldea de poucos homes;
aqueles poucos que hai
chámanse remendafoles.

2. A aldea de *Palavea* (1)
é aldea de poucos homes;
si Dios non mellora o que hai
parecen remendafoles.

3. ¡Ai! que noite de luar,
¡ai! qué noite para festa;
dígame usté, señor cura,
qué hora ten n-a sua *muestra*. (reloj)

(1) Próximo á la Coruña.

4. A miña muller é vella,
hèina de mandar matar
para facer uns zapatos
para domingo bailar.

5. Cando vou para a Coruña
vou por Santa *Margarita*, (1)
si meu pai quère ser bô
que se quite d'a perrita.

6. Estes catro para tí, (2)
éstes para tua nai;
tóma, lévate estes catro
para o ladrón de teu pai.

7. Había un baile en Esteiro,
n-o cento cincuenta
n-a calle d'o Sol,
onde se come barato
n-a cunca e n-o cazo
caldo de melón.

(1) En gallego se dice con más propiedad *Margarida*.
(2) Haciendo los cuernos con los dedos.

8. Había un baile en Esteiro
que c-o nebueiro
non se vía o sol;
se quitaras a perrera,
cochina, marrana,
fórache mellor.
A perrera no-n-a quito
nin tampouco o pooolisón
mentras gasten
os homes campanas
tan froxas e anchas
n-o seu pantalón.

9. Había un baile en Monelos
que con bos xurelos
sabíanche ben;
os rapaciños d'ahora
n-a pipa d'o viño
sacódense ben.

10. O primeiro de Setiembre (1)
veu Alfonso doce

(1) Alude al de 1883, ó sea el de la inauguración del ferrocarril llamado del Noroeste, verificada en la Coruña con asistencia de S. M.

n-o segundo tren
á visital'os gallegos
porqu'os madrileños
no-no queren ben.

11. Estudiante pobre
cómo te remordes;
quitáronch'os cartos
quedache sin *òrdes*, (1)
o que ch'os roubóu
era teu amigo,
n'esta casa mora,
chámanlle Toribio.

12. Eu bonita non che son,
riqueza non ch'a herdéi;
dime ti, *aqueloutriño*, (mocito)
¿en qué modo ch'agradéi?

13. Indo-por-Castro-de *Elviña* (2)
sentín-un-ruido,
púxenm'á escoitar

(1) Las órdenes sagradas.
(2) San Vicente de Elviña, parroquia próxima á la Coruña.

era-Farruco-de-Pena-
que ten-unha-nena-
n-a quer-bautizar,-
¡por non seee poñeeer por pai!

14. Indo por Castro-de Elviña-
sentin-un-ruido
e púxenm'á oír;
era-Farruco-de Pena-
que non quèr a nena
e marcha-á Madrí;
¡eso xa-ooo sabías ti! (1)

15. Maragato, pato,
fillo d'unha chincha,
cando o galo canta
o maragato rincha.

16. Meu amor èche pequeno,
nunca tan pequeno fora;
c'unha vara de burel
fíxenlle calzón e gorra.

(1) Cantares contemporáneos, tanto éste como el que le precede.

17. Miña nai de pequeniña
traíame moi honesta,
con *tascos* (1) fixom'a *cofia*
e atábama c'unha *xesta*.

18. Miña nai e mai-la tua
xuntas foron â taberna;
miña nai trúxome viño,
a tua trúxoche (2) m.....

19. Miña sogra morréu onte,
enterréina n'o borrallo,
eu, á calcarll'a cabeza
y-ela á soerguer o rabo.

20. Miña sogra morréu onte,
enterreina n-o palleiro;
os cregos á *responsàla* (3)
y eu á tocar o pandeiro.

(1) *Tascos:* parte áspera del lino, *Cofia:* especie de toca para recoger el pelo. *Xesta:* retama.
(2) *Trúxome* y *trúxoche;* se dice también *tróuxome* y *tróuxoche*.
(3) Cantarle el responso.

21. Mociño qu'estás â porta,
para ti n'hai nada dentro;
estira o fociño un pouco,
mira d'onde sopra o vento.

22. Non me fales mal d'os homes,
que lles quero moito ben;
salàlos, salpimentàlos,
e fritilos n-a sartén.

23. O carballo d'a Portela
tèn tres carros de madeira;
un é meu, e outro é teu
e outro é de quen-o queira.

24. O creguiño de *Castelo* (1)
non tèn camisa que pôña, (2)
moito viva o d'a Mariña
vintecinco tèn en folla.

(1) Santiago de Castelo, Ayuntamiento de Culleredo, partido judicial de la Coruña.
(2) *Pôña*, en lugar de *poner*. Queda dicho que la sustitución del tiempo de un modo por el de otro del verbo es frecuente en gallego.

25. O paxáro cando chove
mete o rabo n-a *silveira*, (zarzal)
así fan as boas mozas
cando non hai quen-as queira.

26. Os amores que ti tes
son os qu'eu olvidéi;
andas apañando os *vagos* (uvas)
d'as viñas qu'eu vendimiéi.

27. Paséi-pol-a-calle Real,[1]
e-con-tanta-xente
non puden pasar:
as nenas d'o cu cosido,
¡Dios mío querido!
non poden andar;
que as apreeeetan
pooor detrás.

28. Pepe, repepe,
camisa c...
fôch'a Castilla,
non trougueche nada.

(1) De la Coruña. Cantar contemporáneo para mofarse de los vestidos de falda ceñida.

29. Pepe, repepe,
camisa c...
tira que tira
por unha ventana.

30. Preguntáronme as garelas
qué levaba que vender:
levo... cornos para elas;
que todo o queren saber.

31. Rapaciños d'o convento,
deprendéd'á traballar;
o pan de Kirieeleisón
sempre non ha de durar.

32. Roxiña, e non d'o pelo;
bonitiña, e non d'a cara;
feitiña, e non d'as pernas;
¡o teu corpo non vàl nada!

33. Teño unha herba n-a horta
que lle chaman «tèn o burro»
¡tè-n-o ti por moitos anos
qu'ès fillo d'un boi cornudo!

34. Teño unha herba n-a horta
que lle chaman a berbena;
para contestar conmigo
tèl-a cirola pequena.

35. Teño unhas *castañetiñas* (castañuelitas)
feitas de pau de nogal;
o pesebre d'o meu burro
é de teu *curmán* carnal. (primo)

36. Tès un corpiño moi feito
e un salero que te parte;
un muchacho como ti
¡háino en calquera parte!

37. Ti tes moita fantesía
porqu'ès de Santa Marta (1)
lambeteiras com'a ti (gulusmeras)
háich-as en calquera parte.

38. Tóma, nena, catro cartos
e méteos en xabrón
para lavar esas pernas
máli-a tua condición.

(1) Santa Marta de Ortigueira en la provincia de la Coruña.

39. Un gato e un escribano
caeron xuntos n'un pozo;
e como os dous eran gatos
rabuñárons'o pescozo. (arañáronse)

40. Vamos á comprar os homes,
ben baratos eles son;
os casados son á carto
e os solteiros ¡inda non!

41. Vaya ¡alabado sea Dios!
que xa ven a barateza;
os homes van á real
¡catro por unha peseta!

42. Vaya un alcalde-que-temos,
que gasta levita
e borlas n-o bastón;
e, á nada-que
fai un home
en se-guida o manda
para o *cagarrón*. (1)

(1) En la Coruña denomina así el vulgo al sitio de los detenidos por faltas leves. El cantar 42 es contemporáneo.

43. Ventana sobre ventana,
sobre ventana ladrillo,
o galán de moitas damas
ten qu'andar descolorido.

44. Veu un señor
pol-a vía
de cabeza branca
e barba tamén.
É o duque de Sexto
que ven á ver esto
n-o primeiro tren:
o mayooordomo
d'o Rei. (1)

Los números 1, 2, 4, 9 á 16 y 39 á 43 fueron obtenidos en la Coruña. El 18, 19, 20, 26, 30, 32 y 38 en varias parroquias del partido judicial de Betanzos. El 33 en Cerbo, provincia de Lugo.

(1) Cantar contemporáneo de la Coruña alusivo á la visita del Rey en 1883 para la inauguración del ferrocarril de Palencia á la referida ciudad.

CANTAR (SOBRE)

—

7. Algún día ben cantéi,
algún día ben cantéi;
algún día ben cantaba,
ahora xa me malvéi.

2. Anqu'estóu aquí cantando
sabe Dios meu corazón,
qu'está máis *amarilliño* (1)
que a *pela* d'un limón. (monda)

3. Axudádeme á cantar,
rapazas d'a miña aldea,
axudádeme á cantar
xa qu'estóu en terra *allea*. (ajena)

(1) En gallego se dice con más propiedad *amarelo* que amarillo.

4. Axudádeme á cantar;
eu ch'axudaréi á ti
outra hora que cadrar.

5. Bóta, si tès que botar
bóta, si tès que botar;
qu'inda teño un saco cheo
outro por *desvaleirar*. (vaciar)

6. Cantá, cantá, paxariños,
tamén de mozo cantéi;
inda á cantar comenzades (aún)
eu de cantar acabéi.

7. Eu non podo cantar máis
qu'está o meu amor diante,
que me está *cenando* (1) os ollos
que estóu ronca que non cante.

8. Eu queríame casar
e meu pai di: «pouco á pouco»;
meu pai como está casado
non conoce as faltas d'outro.

(1) Haciendo señas.

9. Non cantés cantígas locas
porque é muito pecado:
cantá, cantá cantiguiñas
á Cristo crucificado.

10. O can, o can,
e mai-la *cadela* (perra)
roéull'as (1) enaguas
á seña Manuela.

11. O cantar d'os arrieiros
é un canto moi baixiño:
cántano en *Rivadavia*
óyese n-o *Carballiño.* (2)

12. Pol-a que entrou n'o baile,
pol-a que entrou ahora,
pol-a que entrou n'o baile
cantaréi a noite toda.

(1) *Roeulle* por *roévonlle*. Esta discordancia en el número no la conoce el castellano.
(2) Rivadavia y Carballino son pueblos de la provincia de Orense.

13. Por cantar catro cantares
diant'a porta d'o muíño,
déronme catro pesetas
e máis moéronm'o trigo.

14. *Sácate* (1) d'o sol
sácate d'o sol,
maragato.
Sácate d'o sol
sácate d'o sol,
que te mato.

15. Ti botáchesm'unha *cántiga* (2)
eu contesteich'ô momento,
s'a tua traguía sal
a miña leva pemento.

16. Unha nena que ben canta
unha nena que ben canta,
vintecinco medios netos
non lle mollan a garganta.

(1) En gallego, cual lo demuestra este cantar, se confunde mucho el verbo *sacar* con el verbo quitar: error que trasciende al castellano, hablado por los hijos del país.
(2) Unos dicen *cántiga* como en esta copla; otros dicen *cantiga* como en la 9 de esta misma sección.

17. Xa non podo cantar máis
que xa se m'acaba a fala,
¡co'a auga d'a fonteiriña
a fala pòns'*abaixada.* (1)

18. Xa non podo cantar máis
váisem'acabando a gracia,
a pouquiña que quedóu
lévoa par'a miña casa. (llévola)

Los números 4, 5, 6, 7, 8, 16 y 18 fueron obtenidos en varias parroquias del partido judicial de Betanzos.

(1) Indirecta para que le den vino.

CASAMIENTO

—

1. Cando meu pai se casóu (1)
co'a muller qu'ahora tèn,
andaba eu n-as cereixas,
abofé m'acordo ben. (¡de veras!)

2. Cásate, Xan, en domingo
estarás o luns de boda,
o martes traballarás
acabóus'a festa toda.

3. Casóus'o Pitoque
deixalo casar,
pitoquiños novos
non han de faltar.

(1) Casi igual á otra ya copiada.

4. Con dispensa non me caso,
porque, sin qu'á Dios ofenda,
a dispensa non *me tira* (me quita)
a sangre de donde a teño.

5. Dices que non tendes crus
para rezar o rosario;
cásate, miña miniña,
e terás crus e calvario. (1)

6. D'os mares salen os peixes
e d'as montañas o trigo,
e de Santiago o despacho
para casarme contigo.

7. Eu caseime c'unha vella
¡seiqu'o demo m'atentóu!
alá po-l-a media noite
n-a cama se *esforricóu.* (ensució)

8. No-n-o sinto po-l-a roupa
qu'a roupa vais'á lavar,

(1) Es castellana.

síntoo po-l-a costume
que *lle non* ha de pasar. (1)

8. Eu caseime c'un velliño
por decir que tiña home,
vállate Xúncral-o vello
que siquera â cama sobe.

9. Eu caseime c'un velliño
c'un velliño xa de días,
entroum'o *gorgullo* co'él (gorgojo)
e comeull'as alegrías.

10. Eu caseime en Santïago
e veleime en Pontevedra,
a muller veu engañada;
por non ser uso de terra.

11. Eu caseime e suxeiteime
sempre vivín suxeitada;
de solteira roupa nova,
de casada remendada.

(1) La trasposición del último verso es frecuente en gallego.

12. Eu caseime e trompiqueime
dei o ouro pol-o cobre,
dei a miña mocedá
por moneda que non corre.

13. Eu caseime n'a alleira
porqu'había moitos allos,
agora váisem'o tempo
en collelos e prantalos.

14. Eu caseime n-a montaña
n'unha casa moi ben (1) rica,
as paredes son de xoyo (2)
e as ventanas de *penica.* (3)

15. Eu caseime po-l-o vran
e regaloum'o padriño
unha colcha para a cama
feita con auga d'o río.

16. Heime casar este ano,
ahora vai por empeño,

(1) *Moi ben:* frase equivalente al *muy mucho* castellano.
(2) *Xoyo:* tizón ó polvillo negro, en el cual se convierte la parte farinácea del trigo.
(3) Mala semilla que se halla entre el grano.

anque sepa de vender
unha galiña que teño.

17. Miña nai cando peneira (cierne)
todo o corpo sarandea;
ela di que non quer xenro
eu digo: ¡que Dios ll'o dea!

18. Miña nai cáse á Xuana
cásea e bótea fora;
ten ûs ollos *churrusqueiros* (catequizadores)
¡con eles non me namora!

19. Miña nai casád'as fillas
mentras tèn (1) bon parecer;
pois non son herbas d'o prado
que volvan á enverdecer.

20. Non me quería (2) casar
con home que viudase,

(1) *Tèn*, en lugar del plural *tèñen*, caso frecuente de sustitución de un número por otro, como repetidamente dijimos.
(2) *Quería* en lugar de *quixera;* cambio de tiempos, frecuente en gallego.

nin quería criar *pitos* (pollitos)
qu'outra galiña deixase.

21. Non quero muller casada,
non quero muller viuda,
quero muller solteiriña
e sin *aquèla ningunha.* (1)

22. Nosa Señora d'o Carme
feita de pau de *cerdeira* (cerezo)
me libre de que me toque
unha muller *cabuxeira.* (2)

23. Santo Estevo de Paleo
casamenteiro d'as vellas:
¡ben podía ser d'as mozas!
¡qué mal lle fixeron elas!

24. Si a mar fora de ouro
como é d'auga salada
casárame eu contigo
anque non tuveras nada.

(1) Sin mácula alguna.
(2) Caprichosa, de mal contento.

25. S'o casar fora d'un día,
ou siquera (1) por un ano.
¡Esto de ser para sempre
Dios nos tenga de su mano!

26. Toda-las vellas se casan,
miña nai, pol-o *antroido;* (Carnaval)
toda-las vellas se casan:
¡quedo eu pra barredoiro! (2)

Los números 1, 2 y 5 fueron obtenidos en Elviña, ayuntamiento de Oza (Santa María), provincia de la Coruña. Los 4, 7, 9, 14, 21, 22, 23 y 25 en el partido judicial de Betanzos. Los 12, 15 y 17 en Bujan, ayuntamiento del partido de Órdenes, provincia de la Coruña.

(1) *Siquera:* se sustituye en el subdialecto orensano por *xiquera*.
(2) *Barredoiro:* estropajo.

CELOS

—

1. A la luna [1] de Valencia
vaste, e déixasme quedar,
s'encontras outras de gusto
de min non t'has d'acordar.

2. Non teñas, non teñas ansia
anque me vexas beilar;
báiloche por afición,
non bailo por agradar.

El número 1 fué obtenido en Ares, partido judicial de Puentedeume. El 2 en Aranga, partido judicial de Betanzos.

(1) *A la luna*, no es frase gallega.

CINCO SENTIDOS

1. Cinco sentidos que temos
todo-los necesitamos;
ollos poñemos en ti
cando ben nos namoramos.

2. O primeiro é o ver
a prenda que máis deseo;
durmindo estou n-a cama
e soñando que te vexo.

3. O segundo é o oir
suspiros d'o corazón;
eu non sei de que maneira
che collín tal afición.

4. O terceiro é o gustar:
¡qué gusto podía ter

facerme verte chorar
e facerme padecer.

5. O cuarto é o *ulir* (olfatear)
entre rosas d'o xardín
sólo por ti, boa dama,
améi á San Serafín.

6. O quinto era o tocar...
—eso á tí non che convén,
divírtete c'as tuas damas
e con mulleres de ben. (1)

Fué obtenida en la parroquia de Aranga, partido judicial de Betanzos.

(1) No deja de hallarse á veces algún campesino que pretende mezclar el gallego con el castellano: puede servir de ejemplo la anterior composición.

COMIDA

—

1. A *regueifa* (1) está n-a mesa,
ela é de pan de centeo;
o muíño que a *moeu* (molió)
non tiña capa nin *veo*. (2)

2. As pataquiñas y as *mayas* (3)
fan moi boa misturanza,
qu'as mayas y as pataquiñas
alegran a miña panza.

3. As raparigas d'a Cruña
din que non comen touciño;
e comen un porco enteiro
desd'o rabo hastr'o *fociño*. (hocico)

(1) Torta de pan con un huevo entero clavado en medio.
(2) Eje del rodezno del molino común.
(3) Castañas secas.

4. Con castañas asadas
foxe o *friño* (1)
con pescada salpresa
n'hai ruín viño.

5. Bo caldo e bò pantriguiño
boa cea e bò xantar
ben mantido e ben portado
¡xa me poden marmurar!

---

6. Elas eran tres comadres
e d'un barrio todas tres,
fixeron a merendiña
para ir ô San Andrés.

7. Unha puxo trinta ovos,
outra puxo trinta e tres,
outra puxo nove azumbres,
para cada unha tres.

8. Unha mira para a luna:
«mira qué dobrón d'á tres;»
outra mira para o Ceo:
«mira que pano francés.»

(1) Diminutivo de frío.

9. Estando n'esta disputa
ven o marido de Inés,
¡pau, á unha,
pau, á outra,
pau en todas
elas tres!

---

10. Elas eran tres comadres
e d'un barrio todas tres
xuntaron unha merenda
para ir á San Andrés. (de Teijido)

11. Unha xuntóu trinta ovos
para cada unha tres,
outra xuntóu un boliño
de tres codos á *un través*. (de diámetro)

12. Outra foi buscar o viño:
«comadre, ¿cánto hei traer?
¡traéde (1) canado e medio (2)
por non volver outra vès!

(1) Se dice *traéde* y *traguede*.
(2) *Canado e medio*: cántara y media.

13. Unha mira par'a luna:
mira que dobrón d'a tres;
outra mira para o Ceo:
«¡mira que pano francés!»
e a outr'amostrando a bota:
¡mira que neno sin pès!

14. Cando n'este medio tempo
chega o marido d'Inés:
pau, á unha,
pau, á outra
pau á todas
elas tres.

---

15. Mesa posta,
mesa erguida;
o moito comer
fai doer a barriga.

16. Ó almorzo me dan peras,
ô xantar peras me dan,
â merenda me dan peras
e â cea peras sin pan.

17. Non me mates con tomates,
mátame con bacalao;
no-n-o *botes* á remollo
qu'a min gústame salado.

18. Non quero berzas con unto
nin nabizas con aceite;
¡para min n'hai cousa boa!
¡tamén me fai mal o leite!

19. Non quero berzas con unto
nin nabizas con touciño;
para min n'hai cosa boa
tamén me fai mal o viño.

20. Pol-a mar abaixo
vai unha sartén,
vai fritindo os ovos
qu'han de saber ben.

21. Un pouquecho de pan *dondo* (blando)
con bó queixo imos comer;
(non seas tan reparada
que naide ch'ha de saber).

22. Vamos comendo e bebendo
e deixémonos de contos,
que a ama que temos hoxe
hànos de cocer os *zonchos.* (1)

23. Vamos comendo e bebendo,
vámol-a ruando ben;
qu'o pesar todo é sede
e a morte de seu se ven.

24. Paséi pol-a tua porta,
non che vin palla n-a eira,
nin che coidéi, rapaciña,
que tiñas tanta *laceira.* (2)

Los números 2, 6 y 21 fueron obtenidos en la Coruña. El 5 á 15 y 19, 22 y 23 en Cines y Abegondo, partidos judiciales de Betanzos.

(1) Castañas cocidas con la cáscara.
(2) Escasez, pobreza.

CONSEJO

1. Ánda, váite pol-o mundo
á pedir, que ch'han de dar;
onde che digan que non
alí has de porfiar.

2. Con xente que non conozas
non gastes moita *baralla* (algazara)
porque se a gastas, dirán
qu'algun xuicio che falta.

3. Donde vexas moito fume
nunca te vayas quentar,
que che queiman leña verde
ou *pusgallo* (1) d'o ullar.
ou o polvo d'o *ullar*. (2)

(1) Polvo de la leña ó restos menudos.
(2) Sitio de poner la leña en la cocina.

4. Estáte quedo, muchacho,
estáte quedo, rapás,
estáte quedo, muchacho,
que che vou romper as màs.

5. N'as palabras d'os canteiros
miniñas non vos fiés;
collen os picos e vanse,
miniñas, ¡qué lle facés! (1)

6. Non botes leña n-o forno
s'é que xa quente estivera;
non *rifes*, muller, co o home (riñas)
cando por algo s'altere.

7. Non te cases con haciendas
que che son *bès de fertuna*, (inconstantes)
cásate con boa sangre
porqu'a mala sempre dura.

8. Non te fies d'as risiñas
d'as máis bonitas solteiras,

(1) Casi igual al núm. 10 de la sección de *Oficios* del tomo segundo.

qu'as veces tamén che son
de desaires compañeiras.

9. Non torzas tanto o *fociño*, (hocico)
non botes tanto por èla; (1)
qu'anque tel-a casa grande
paga-l-a renda por ela.

10. O caldeiro n-a *molida* (2)
pousadiño non s'estraga;
solteiriña, se tès nai
ánde sempr'en tua compaña.

11. Onde *vires* moito fume (3) (vieres)
non te vayas á quentar,
que leña verde alí arde
ou morriñada (4) d'o unllar.

12. Para qué pretendes, guapo,
para qué pèrdel-o tempo

(1) *Non botes tanto por èla:* frase que se aplica á las personas que gastan en superfluidades.
(2) Almohadilla ó rollo circular de paja ó paño.
(3) Casi igual al del número 3 de esta sección.
(4) *Morriñada:* despojos muy menudos y sucios. Es semejante al número 3.

sabendo que non encontras
palabra de casamento.

13. Rapaciñas d'o *Portazgo*, (1)
si queredes ser honradas
botád'os cantéiros fora
non seredes marmuradas.

14. Se quères falar conmigo
olvida amoriños vellos,
que mal se mira unha cara
á un tempo en moitos espellos.

15. Se quères qu'amor che teña
¡crùs! (2) dend'hoxe (3) as paroliñas
gárda ben as tuas parolas
e yeu gardaréi as miñas.

16. Si quères (4) que corresponda
a muller ô teu cariño,
non pòñas amor por diante,
empeza por ser amigo.

(1) De Palavea, cerca de la Coruña.
(2) Se hace la cruz como para jurar.
(3) *Dend'hoxe:* desde hoy.
(4) El colector ha oído decir unas veces *se quères;* y, otras, *si queres.*

17. Se quères qu'o carro cante,
bótall'o *eixo* n-o río, (eje)
bótall'o eixo mollado
e darach'un *asubío*. (silbido)

18. Si quères que cante o carro,
si quères qu'o carro cante,
si quères que cante o carro
a paga págalla diante.

19. Si quères un bon consello
atende ô que che digo:
amar amores d'outro
chámolle tempo perdido.

20. Si tes frío
váit'o río,
cúbrete co'a manta de teu tío;
e si non ch'a quere dar
méxalle n'a ola
d'o xantar.

Los números 3, 4, 6, 7, 9, 11, 13, 14, 15 y 19 fueron obtenidos en el partido judicial de Betanzos. El 19 y 20 en Elviña, próximo á la Coruña. El 20 en Cerbo, provincia de Lugo.

CUALIDADES PERSONALES

—

1. A moza que sai [1] bonita
bastantes traballos tèn;
n'hai cousa como ser fea,
nin dar traballo á ninguén.

2. Anque ela é pequeniña
teñoa para meu regalo; (téngola)
máis vale pequena e boa
que grande si sale mala.

3. Anque son morena, madre,
aunque son morena digo,
aunque son morena, madre,
teño *a color* [2] d'o trigo.

(1) *Sai:* se dice también *sale.*
(2) Género femenino.

4. A perdís anda n-o monte, (1)
de todal-as herbas come;
o donaire d'unha nena
tres días mantén á un home.

5. Arriba, pandeiro roto,
abaixo, manta mollada;
a muller d'o ruín home
sempr'anda mal amañada.

6. A señora ama de casa
tèn ollos de violeta;
cando vèn o seu galán
non sabe donde o meta.

7. Cando a auga volva arriba
e o *loureiro* dea uvas (laurel)
tamén han de ter *fuxía* (2)
as nenas d'as pernas rubias.

8, Cara de pan *varolento* (3)
cara de pan varolento,

(1) Parecido á otro copiado ya, lo mismo que el siguiente.
(2) Salida ó aceptación.
(3) Enmohecido ó lleno de valor.

inda tua nai *antonte* (anteayer)
che dou metá d'o formento.

9. Catuxa vai n-o mercado
con zreixas para vender;
¡*palique* n'ha de faltar! (charla)
¡ela palique ha de ter!

10. —Costureiriña bonita,
¿onde deixas os melindros?
—Déixo-os n-a hucha pechados
para poñer ôs domingos.

11. Chamácheme moreniña
porque nacín n-a revolta,
inda ti no-é-l-o galán (1)
que me dá a reviravolta.

12. Chamácheme probe e fea
facendo burla de min;
se fora rica e bonita
prezárame, (2) e non de ti.

(1) *Inda ti no-é-l-o galán*. Aún no eres tú el galán.
(2) Prendiérame ó prendárame.

13. Déixame ir que vou de presa,
que vou coller a berbena,
que quero lavar a cara
que me chamaron morena.

14. Dícenme que estóu ¿sentada?
estóu un corno para vos;
se teño pano n'cara
é color que me dou Dios.

15. Dichosos os que se *déitan* (acuestan)
sin ansias en qué pensar;
érguense porque s'espertan
cando é hora d'almorzar.

16. Din qu'o meu amante é feo (1)
e á min parécem'un sol;
vale máis trigo moreno
que non blanco sin sabor.

17. Eu namoreime de noite
d'a mais branca panadeira

(1) Es igual á otro castellano.

pero co-o fume d'o forno
foise volvendo morena.

18. Miña nai pareum'hermosa
coma cantas pòd'haber,
o aire doume unha volta
levóum'o meu *parecer*. (1)

19. Miña nena, t'anoxache
porque te chamaron fea;
ahora vant'á chamar
blanca flor d'a chaminea.

20. Moito te precias, guapiño,
d'esa tua bunitura;
hach'a de comer a terra
debaixo d'a sepultura.

21. N-a man déuchese a fortuna
hoxe ôs pobres xa non falas,
pro falarásslles mañán
e volveránch'as espaldas.

(1) *Meu parecer:* se sobreentiende *ben*.

22. Nin á bailar me chaman
e afogo entre suspiriños,
¿de qué me sirve ser guapa
si non m'o din os mociños?

23. Non penses porque son probe
que me namora calquera;
anque son probe son firme,
teño o corazón de pedra.

24. Non quero d'o teu querer
qu'o teu querer o repartes;
eres farol de retreta
que alumbras á todas partes.

25. Os ollos d'a miña dama
non son pequenos nin grandes;
son como pedriñas d'ouro
d'aquelas que vèn de Frandes.

26. Os muchachos po-l-a calle
dicen qu'eres bonitiña,
¡y eres o puro retrato
d'unha osa carolina!

27. Os rapaciños d'ahora
venden o pan d'a merenda
para compra-l-a bufanda
e darse moita fachenda.

28. Parécesm'un *pexeguiño* (durazno)
cando está pra madurar;
moitos deran ben sei canto
por, cal ch'eu falo, falar.

29. Paxariño millarengo,
pónte n'a punta d'un toxo,
moito gustó á min me dan
as nenas d'o pelo roxo.

30. Pequeniñas e *ben feitas* (bien hechas)
así as quere o meu Pedro;
nin moreniña que espante
nin blanca que poña medo.

31. Porque son fea deixácheme,
tras d'a hermosura te *fuche*, (fuiste)
pero é que non reparas
qu'a rosa tamén se *mucha*. (1)

(1) Marchita: otros dicen *muscha*.

32. —¿Quén che dixo, quén che dixo
qu'eu lavaba n'o *regueiro?* (arroyo)
—Conocinte n-o cantar,
seguinte pol-o carreiro.

33. Rapaciña, si t'anoxas (1)
porque te chamaron fea,
ahora t'han de chamar
a branca fror d'a *fumeira.* (chimenea)

34. Sempre suspirei de moza
por un guapo labrador;
¡agora tamén o teño
borrachón e xugador!

35. Sentadiña n-a ventana,
Mariana d'o Ourego,
sentadiña n-a ventana
parece a ama d'un crego.

36. Si canto, son unha *tola,* (loca)
si non canto, unha *curuxa,* (lechuza)

(1) Es semejante á otro copiado ya.

si me lavo son profana,
si non me lavo, unha sucia.

37. Son teus ollos alegriños,
inda ahora o reparéi;
si máis antes reparara
non amara á quen améi.

38. Tè-l-o *verme carpinteiro* (1)
metidiño n-a cabeza;
pò-l-o teu xenio *ô teu modo* (á tu manera)
non sei como che non pesa.

39. Teño pena e alegría, (2)
teño duas cousas á un tempo;
co-a pena, case morro
e a alegría, dam 'alento.

40. Tèste ti por boa moza (3)
boa moza *no-n-a és*, (no lo eres)
solamente n-o pescozo
tès ti carne para dès.

(1) Gusanillo imaginario que aconseja lo imprudente.
(2) Se parece á un cantar castellano.
(3) Casi igual al núm. 26, pág. 63 del primer tomo.

41. Ti pensas qu'eres a gala,
ti a gala no-n-a es,
co-ese palmo de narices
que dá de comer á tres.

42. Todo-l-os mozos d'ahora
son coma bolos sin sal;
proba aquí, proba acolá
e ningún dous cartos vàl.

43. Tua nai é unha *meiga* (bruja)
e teu pai un nigromante;
a xentiña boa é
¡malo fogo ch'a levante! (1)

44. Un vèllo dixo á unha vèlla
qu'â cama subir non pode:
miña vèlla, miña vèlla,
¡onde van os dazanove! (2)

(1) Casi igual á otro ya copiado.
(2) Como el latín tiene afinidades con el idioma de los arios ó Aryos, y aparecen en él reminiscencias griegas mezcladas con otras de los celtas é idiomas antiguos, habrán los secuaces de los Nieburk, Ottofried, Müller y Funck de dispensar al colector del CANCIONERO llame la atención acerca de la coincidencia en el modo de convertir, ó mejor dicho, con-

45. Vale máis a *mariñana* (1)
con un mandil de picote,
que non unha montañesa
con tres mil reás de dote.

servar el gallego ciertos sonidos que el griego, el latín y el castellano han ido haciendo más cerrados y eufónicos.

tessares en griego
quatuor en latín. } *cátur* en sánscrito
cuatro en castellano

ex en griego
sex en latín } *sasch* en sánscrito
seis en castellano

enta en griego
septem en latín } *saptan* en sánscrito
siete en castellano

deca en griego
decem en latín } *dacan* en sánscrito
diez en castellano

Nótese ahora la similitud entre las voces sánscritas

cátur (cuatro)
shash (seis)
saptan (siete) } y las gallegas
dacan (diez)

catro (cuatro)
sasenta (sesenta)
satenta (setenta)
daza: seis (dieciseis), sete (diecisiete), oito (dieciocho), nove (diecinueve)

En otras varias voces hay tendencias análogas, como en *váite* por *vete*, *tabarneira* por *taberneira*, *hardeiro* por *heredero*, *Taresa* por *Teresa*.

Obsérvese también la palabra gallega *pancada*, equivalente á *manotazo*, respecto á la cual palabra existe la coincidencia entre el número de dedos de la mano del hombre y la voz *pantcan* sánscrita, equivalente á *cinco*.

(1) Habitante de las llamadas *mariñas* de la Coruña y Betanzos.

46. Vállalle Dios á María
como tèn o sono leve;
¡*deitada* n'a sua cama (acostada)
sintía caer a neve!

Los números 1 á 5, 7 á 13, 14, 17, 18, 20, 24, 25, 28 á 31, 33 á 36, 39, y 41 á 43 fueron obtenidos en los distritos de San Pedro de Oza y de Aranga, en el partido judicial de Betanzos. El 23 en Buján, partido judicial de Órdenes, provincia de la Coruña. El 26 en Vivero, provincia de Lugo.

CUNA

1. Dúrmete, meu neniño,
qu'ahí vèn o cocón
para levar ôs nenos
que non dormen non.
eeeeeeeé
eeeeeeeé

2. Ooora, mii-ni-ño,
ooora, mii-ni-ño,
qu'es-tán as sopas
n-o caceroliño.
Miniño, ora,
miniño, ora;
si non queres calar
chora.

Obtenidos el número 1 en Santiago y el número 2 en la Coruña.

DESAIRES

—

1. *Co'o aquel* (1) de vir á verme
tràsme bolos de pantrigo;
o teu pan non che m'agrada,
váite â búcera (2) che digo.

2. Fágoch'a cama n'o río
co a cabeciña n-un *toxo* (3)
vái d'ahí, barriga *moura* (negra)
mesmo m'estás dando *noxo.* (asco)

3. Fun o prado á segar herba
e seguéi cardos tan sólo;
achegueime á una meniña (acerquéme)
e díxome: «teño dono.»

(1) Con el pretexto.
(2) Como si dijéramos: «vete al diablo» ó «vete á paseo».
(3) *Aulaga:* arbusto espinoso y sin hojas; abunda en los montes del país.

4. Non poñas o pe de punta
nin a mau n-a miña saya;
anque son filla d'un pobre
para ti n-estou gardada.

5. Non quero d'os teus cariños
nin d'as tuas amistás;
as tuas palabras doces
para min son soledás.

6. Salgueiro (1) prende d'*escallo* (esqueje)
o abeneiro (2) de raís;
amores que fostes d'outros
para min non me servís.

Los números 2, 3, 4 y 6 fueron obtenidos en el partido judicial de Betanzos.

(1) *Salgueiro* = sauce.
(2) *Abeneiro* ó *ameneiro:* el aliso ó abedul.

DESCONFIANZA

—

1. As estrelas andan altas,
a noite moi crara está;
o galán que me pretende
non sei si m'engañará.

2. Eu querer quéroche ben
e gardoche lealdá;
fiarme de ti non podo
que me negas a verdá.

3. Heite de mandar á m....
anque ti non queiras ir;
c'un foliño n'a cabeza
coma quen vai á pedir.

4. Non quero nada d'o ouro
nin d'o ouro nin d'a prata,

non quèro nada d'os homes
qu'o aire d'eles me mata.

5. Quèreme un mozo d'a vila
e quèreme ûn d'a montaña:
o primeiro m'engañóu
e ¡penso qu'os dous m'engañan!

6. Teño unha herba n-a horta
que me prende o *cinguideiro;* (1)
tamén teño algúns viciños
que me venden sin diñeiro.

Los números 2, 4, 5 y 6 fueron obtenidos en Ois y Cines, del partido judicial de Betanzos. El 3 en Oleiros, partido judicial de la Coruña.

(1) Mantelo ó delantal grande de paño.

DESENGAÑO

1. Troquéi o meu corazón
por un ramo de cereixas;
¡ai! adiós, meu corazón, (1)
como te vàs e me deixas.

Fué obtenido en Cuíña, partido judicial de Betanzos.

(1) En los tomos anteriores de este primer CANCIONERO GALLEGO se ha indicado ya por qué no se sustituye en la escritura la y consonante por la i vocal en la interjección ¡ay! En castellano hay motivo para conservarla, porque el plural es *ayes*, mientras que en gallego es *ais*.

DESDENES

1. Seguéi herbiña n-o prado,
tamén a seguei n-a presa;
deixéi a tua conversa,
se'a deixéi non me pesa.

2. Si tuvera por ond'ir
po-l-a porta non che fora;
nin d'os ollos te mirara
nin d'o corazón agora.

3. Tanto se me da por ti
como se me da por outro;
tanto me pesa n-un hombro
como me pesa n-o outro.

El número 2 fué obtenido en Santiago de Compostela. El número 3 en Aranga, Ayuntamiento del partido judicial de Betanzos.

DESEOS

1. Quén me dera estar ahora
onde teño o pensamento;
n-a plazuela de *San Xorxe* (Coruña)
falando c'o meu sargento. (1)

2. Quén me dera estar tan alto
como está a estrela d'o Norte
para ver o que se pasa
dentr'o Ferrol esta noite.

El número 1 fué obtenido en Sarandones, parroquia de Carral, provincia de la Coruña. El 2 en Ares, partido judicial de Puentedeume, y en otros puntos de la provincia de la Coruña.

(1) La pronunciación de la voz *sargento* la oyó el colector igual á la castellana.

DESPEDIDAS

1. Adiós, adiós, Mondoñedo, (1)
adiós po-las catro esquinas;
¡para min xa s'acabaron
as entradas e salidas!

2. Adiós calle de *Carral* (2)
d'o cruceiro para riba
adiós casa de *Rapela* (3)
donde m'eu adivirtía.

3. Adiós, calle d'o *Portazgo* (4)
c'-as tuas *cadeas de bronce* (5)
adiós *Petra de Cordal* (6)
hastra *mañana á las once.*

(1) *Mondoñedo:* silla episcopal en la provincia de Lugo: tiene hermosa campiña, y la ciudad, lo mismo que su Catedral, ofrecen algo curioso para el artista.
(2) Partido judicial de la Coruña.
(3) Estanquero que fué durante muchos años.
(4) De Palavea, partido judicial de la Coruña.
(5) Cadenas que, antes de suprimir los portazgos, se ponían de noche para interrumpir el paso.
(6) Simple vecina que existió en dicho punto hace más de cuarenta años.

4. Adiós, costa d'a Riveira,
carballo de Beloirás;
adiós, neniñas d'a *Ambroa*, (1)
que tan lonxe me quedás.

5. Adiós, Lugo; adiós, Lugo;
adiós, os rincós d'a Ponte
e a casa consistorial
donde che me coupo *a sorte*. (de soldado)

6. Adiós, *Mosteirón* (2) bonito,
a espalda che vou virando;
a despedida foi boa
¡a volta sabe Dios cando!

7. Adiós, *Sarria* (3); adiós, Sarria,
que bonita vas á ser
co-a carreteira nova
e a ponte que van facer.

(1) Parroquia del Ayuntamiento de Irijoa en el partido judicial de Betanzos.
(2) Parroquia del Ayuntamiento de Sada, partido judicial de Betanzos.
(3) En la provincia de Lugo; es cabeza de partido judicial y estación del ferrocarril á Palencia.

8. Bayoneta calada
manda o gobernador,
que se marchan os quintos
¡qué pena! ¡qué dolor!
Adiós, morena,
non te volvo á ver,
que vou de soldado
non sei si hei volver.

9. Fora caséi: adiós, porta,
portiña d'o meu *quinteiro*, (corral)
auga d'o meu salidiño,
sombra d'o meu mazanceiro.

10. Quédate con Dios, Betanzos,
a espalda che vou virando,
para Crusvés vou collendo
¡a volta, sabe Dios cando!

11. Vámonos d'aquí á Orto,
miña cariña de rosa,
vámonos de aquí á Orto
que esta terra non é nosa.

12. Vámonos d'aquí meu ben,
aquí n'habemos d'estar,
facemos desconvenencia
á quèn quer parrafear.

13. Vámonos d'aquí, meus ollos,
aquí n'habés de dormir,
qu'estaredes *entedando* (1)
á quen se quèr divertir.

14. Vámonos d'aquí qu'é hora
pônse o *carro d'as estrelas* (constelación)
e non quero dormir fora.

15. Vámonos d'aquí qu'é hora
que son as noites pequenas,
que mañán é día santo
peinaremo-l-as guedellas.

Los números 2 y 3 fueron obtenidos en Elviña, parroquia próxima á la Coruña. El 4 en Cines y Aranga, del partido judicial de Betanzos. El 5 y 7 en Rivadeo, provincia de Lugo. El 6 en Sada, parroquia del partido judicial de Betanzos. El 10, 11 y 13 en Ois, del mismo partido. El 14 en Ares, partido judicial de Puentedeume.

(1) Aquí equivale á molestando.

DESPRECIOS

—

1. Anque bonita non son
de fea non teño nada;
para ti non me crióu
miña nai, *¡cara lavada!* (sin vergüenza)

2. Chamácheme pera *podre* (podrida)
pera podre n'hei de ser;
anque caya de madura
para ti n'hei de caer.

3. Que te quixen ben-o sabes,
que t'olvido no-n-o iñoras,
s'as tuas auciós ó causan
non se me da que t'anoxes.

4. Vái d'ahí, que *nada és*, (nada eres)
vái d'ahí que n-ès ninguén

nin vales pra ter amores
nin para lles querer ben.

5. Váite d'ahí, *porco mouro*, (cerdo negro)
esterco d'o meu curral,
que si te levo á vender
por ti non dan un real.

6. Váite d'ahí, porco mouro,
esterco d'o meu cubil,
por ti si te van vender
non dan un maravedí.

Los números 1, 2 y 4 fueron obtenidos en el distrito municipal de Aranga, partido judicial de Betanzos. Los 3, 5, y 6 en Abogondo, del mismo partido. El 3 y 6 en el partido judicial de Betanzos.

DIÁLOGOS Y ENCHOYADAS

—

1. —Debaixo d'a tua parra
sentéichem'á descansar,
e anque moito esperéi
non me viñèche falar.
—Debaixo d'a miña parra
ben te vin estar sentado;
miña nai staba n-a casa
e encerroume n-o *sobrado.* (1)

2. —Dios t'axude, Mingo Méndez,
¿tí qu'estás ahí facendo?
—Estou tremando d'este valo
que parés qu'está caendo.

(1) Habitación alta de la casa de los campesinos.

3. —Mingo Méndez, ¿tí tès frío?
—Porque ch'anduven n-as augas d'o río;
¡ai! por ganar unha sola maquila (1)
que si non fora po-l-o que roubamos,
pol-o demais no-nos valiámos. (2)

4. —Queridiño, queridiño,
queridiño, ¡ben fixèche!
si non sabes o camiño
volve por donde *viñeche.* (viniste)
—O camiño be-n-o sei,
que o vexo dende aquí;
¡quén che me dera levar
unha rosa qu'hai aquí!
—Unha rosa qu'hai aquí
se fora e poidera ser;
o galán que tanto sabe
tamén pode saber lêr.
—Nin sei lêr nin escribir
nin poñer o pè de roda;

(1) *Maquila:* pequeña medida de grano que se cobra en los molinos por hacer la molienda.
(2) Estos versos finales los oyó el colector en canto pausado y en tono de *muiñeira.*

o día que ti te cases
poñeréi monteira nova. (pondré)
—Anque a poñas, queridiño,
non fas moita maravilla;
e logo ¿qué lle fixeches
o diñeiro de Castilla?
—Non me fales de Castilla
que me das n-o corazón;
que o gastamos os dous
n-a taberna d'o Rebón.
—Si o gastache, queridiño,
eu non ch'o mandéi gastar;
ês galán de sete damas,
¿cál d'elas has de gozar?
—Son galán de sete damas,
tí ere-l-a de menos precio.
—Que son a de menos precio
eso eu xa ch'o sabía;
con outros mellors que tí
tamén m'eu adivirtía.

5. —Eu *quéroche* (1) de mancebo
cabo de meu corazón; (cabe)

(1) Unos dicen *quéroche* y otros *quérote*.

ahora poñèrm' a man
eso dígoche que non.
—A man non cha poñeréi
pol-a-mor d'o ruín uso;
pero, o dormir contigo
farío de lindo gusto. (lo haría)
—Pois que tès tamaño gusto
responde por vida tua:
qu' esa rosa d' a roseira
¡tàl a vè (1) que non é sua!
—Si esta rosa non é *miña* (mía)
inda chegará á ser; (aún)
manda recado á teus padres
que nos veñan recoller.
—Recado *non lle no* mando (no se lo)
que son cousas excusadas;
son nena de quince anos
e non podo rexir cargas.
—Outras máis novas que ti (3)
rixen cargas d'o marido;
ti tamén as rexirás
cando casares conmigo.

(1) El tál la ve.
(2) *Non è sua:* no es suya.
(3) Es intencionada la no acentuación del *ti;* el colector desea evitar se atribuya á incorrección de imprenta.

—Volverás acó mañán
que *resposta* (1) che daréi.
—Eu acó mañan non volvo
romper zapatos de balde;
non quero cousa sin gusto
nin gusto sin voluntade.

6. —Señora dama de flores,
d'o xardín máis froleado:
¿diga usté, dama preciosa,
que tengo el amor bizarro,
hágame ustede la gracia,
candela para un cigarro.
—Eu non son dama de flores
ni tengo el amor bizarro,
entre ustede para dentro
y lo *abrangue* con su mano (coje)
qu'en mi casa non se nega
candela para un cigarro.

7. —¿D'ónde ves, Marica? (2)
—Veño d'a montaña
de ver o meu liñó

(1) Otros dicen *rimposta*.
(2) Música muy pausada y soñolienta.

(corrós, cós, cós),
si botóu bagaña.
—Si no-na botóu
xa cha botará;
si non lle choveu
xa lle lloverá.

8. —¿D'ónde ves, Marica?
—Veño d'o mercado.
—¿Qué traes de venta?
—*Corros, cós, cós*,
pes-ca-do curado.

El número 4 fué obtenido en Ois, partido judicial de Betanzos.

si son moitas as areas
as areas qu'hai n-o mar.
—As areas qu'hai n-o mar
eu ch'o diría sin duda,
sendo que ti me dixeses
onde se vai *pôr* a luna. (poner)

El número 4 fué obtenido en Óis, partido judicial de Betanzos.

DÍAS

—

1. Adiós, hastr'o domingo,
o domingo logo ven;
de mañán en oito días
êch'a semana que ven.

2. Adiós, martes d'androido,
cartafeira de ceniza: (1) (miércoles)
inda che m'ha de acordar (aún)
domingo, vindo d'a misa.

(1) San Martín Dumiense en el libro de *Correctione rusticorum*, se lamenta de que en el siglo VI se conservasen tantas preocupaciones y entre ellas dar nombre de dioses mitológicos á los días de la semana. ¿Será debido á esto, pregunta el señor Menéndez Pelayo en su *Historia de los heterodoxos españoles*, que en Portugal y en Galicia sea común decir *cuarta feira*, *quinta feira*, por el miércoles y el jueves, y en Portugal se dice prima feira y segunda feira?

El colector del presente CANCIONERO ha reunido bastantes *Preocupaciones populares* de Galicia, que en su día publicará el *Folk-Lore Gallego*.

3. Adiós, martes d'antroido *(carnaval)*
eres valente gandulo;
tres días de boa vida,
sete semanas d'*aúno* (ayuno).

4. Oxe é domingo
mañán día santo;
oxe me deito
mañán me levanto.

Los números 1 y 3 fueron obtenidos en San Pedro de Nos, partido judicial de la Coruña. El 2 en Abegondo, partido judicial de Betanzos, y el 4 en la Coruña.

DOTE

—

1. Homes e mulleres,
rapaces e todo,
vìde (1) ver o dote
que me dou meu sogro:
unha manta vella
c'un remendo roxo,
unha cabra cega
c'un cabrito coxo,
un caldeiro vello,
un *pote* (2) sin asas,
¡qué diaño de dote
para rexir casas!

2. Miña nai por me casar
prometéume tres ovellas:

(1) También dicen *vinde*.
(2) Olla de hierro con pies.

unha manca, outra coxa
y outra *uxona* (1) sin orellas.

3. Para cando me case
xa teño un polo:
xa non tèn que me dar
miña nai todo.

4. Para cando me case
xa teño un gato;
xa non tèn que me dar
miña nai tanto.

Los números 1 y 2 fueron obtenidos en el partido judicial de Betanzos. El 3 y 4 en la Coruña.

(1) *Uxona:* el colector ignora el significado de esta voz.

EDADES

—

1. ¿Por qué non te casas, Pepe?
¿Por qué non te casas, home?
—Porque á que cumplas agardo,
miña nena, os dazanove. (1) (diecinueve)

Fué obtenido en San Juan de Pravio, parroquia de Cambre, en el partido judicial de la Coruña.

(1) Queda indicado la tendencia del gallego á emplear la *a* sustituyendo á *e* en algunas sílabas.

EDUCACIÓN

---

1. *Gazafello* (1)
vènt'o vello,
qu'*Alpabarda* (2)
por tí aguarda.

Fué obtenido en Aranga, partido judicial de Betanzos.

(1) Muchacho revoltoso.
(2) Descuidado é indolente: se pretende anunciar sentenciosamente la calma y la prudencia tras de las travesuras juveniles.

ENFERMEDADES

—

1. Cando triste, cando alegre
ando ben apesarado;
todo o que tèn mal d'amores
tèn un mal desesperado.

2. Doime a barriga con fame
e o corazón co-a fraqueza,
e as pernas me trimbillican
tamén me doi a cabeza.

3. O coxo e mai-l-o cego
e mai-l-o escadrillado,
foron leva-l-o tullido
â casa d'o *derreado*. (derrengado)

4. Sarnícola emperadora,
señora de gran poder,

déixame rascar un pouco
que non teño que facer.

5. Tanto me doi a cabeza,
meu divino *San Amaro*, (San Mauro)
tanto me doi a cabeza
tanto me doi que non paro.

Los números 2, 4 y 5 fueron obtenidos en el partido judicial de Betanzos. El 3 en Bujan, partido judicial de Órdenes.

ENSEÑANZA

—

1. *Fúchete onte* para Cáis (1)
hoxe ôs pobres xa non falas,
pro falará-l-os mañán
e volveranch'as espaldas.

2. Meu hirmán, fachenda pouca;
as malas lenguas d'o mundo
remendan a nosa roupa.

El número 1 fué obtenido en Abegondo, parroquia del partido judicial de Betanzos. El núm. 2 en Aranga, del mismo partido, y en Puentedeume.

(1) Te fuiste ayer para Cádiz. La *ch* de la primera palabra se pronuncia como en castellano.

FANFARRONADAS Y VALENTONADAS

—

1. Adiós, Marcos d'a cabra,
adiós, Marcos d'a Marola;
héiche de matar a gana
co'a miña *bisarma* (1) nova.

2. Anduvéchete alabando
que m'has de *peinar* (2) o pelo;
sàl a fora, valentón,
á tí non che teño medo.

3. Cando corro ando ben;
non se me pôn n-o camiño
arrodeos (3) de ninguén.

(1) Chuzo combinado con una pequeña hoz.
(2) Otros dicen *peitear*.
(3) Rodeo ó estorbo. El *pôn*, singular, sustituye á *poñen*, plural, como en casos semejantes se ha hecho notar.

4. Cara de leite *coado* (1)
o que m'a min amolare
ha de salir amolado.

5. Cara de leite fervido;
ha de salir amolado
o que se meta conmigo.

6. Entra, guapo, si o és,
non te temas á nenguno;
n-a miña vida temín
á home que teña o mundo.

7. Entra, guapo, si o eres
non te temas á valente;
home para min non és
anque *retrinques* os dentes. (rechines)

8. Este meu pau de *carballo* (roble)
tres días hai que o teño;
antes que *me d'aquí vaya* (2)
heino de partir o medio.

(1) *Colado*, según unos; *coagulado* según otros.
(2) Trasposición propia del gallego.

9. Por esta calle *ó largo* (á lo largo)
dicen que non hai salida;
para mín haya d'haber
anque me coste a vida.

10. Sàl o campo, valentón,
que dices que tès sonada,
quero ver si eres home
que m'has de quitar a cara.

11. Si oubere algún valente
que conmigo s'atrevese,
xa pode *traguer* consigo (traer)
un crego que o confese.

Los números 4, 5 y 6 á 10 fueron obtenidos en el partido judicial de Betanzos.

GEOGRÁFICAS

—

1. A aldea de *Cutián* (1)
de noite paséi por ela;
alumbroume San Antonio (2)
d'o seu altar c' unha vela.

2. A aldea de Mandayo (En Cesuras)
toda ela é costa arriba,
millor *fato* de canallas (hato)
no-n-o vin n-a miña vida.

3. A aldea de *Recebés* (3)
de lonxe parece vila;
tèn a rosa n-a entrada
o caravel n-a salida.

(1) Ayuntamiento de Cesuras, partido judicial de Betanzos.
(2) De dicha parroquia.
(3) En Santa María de Óis, partido judicial de Betanzos.

4. A aldea de Vilancosta
de lonxe parece vila,
co-aquelas casiñas novas
que ten ô lado d'arriba.

5. A aldea de Vilancosta
paséina de madrugada;
á quen eu quería ver
inda quedaba n-a cama.

6. A aldea de Vilancosta
paséi de noite por ela;
Maruxiña n-a ventana
alumbroume c'unha vela.

7. Acabouse a nosa octava
e xa vimos d'o *Xuncal* (1)
de beber bo viño tinto
d'o d'a taberna de Xan.

8. A calle Real d'a Cruña
xa non se chama Real,

(1) Punto que ocupa la estación del ferrocarril, y que antiguamente era el destinado á merendero de la gente artesana que iba á celebrar su octava. Dicho cantar fué recogido en 1859.

que se chama de Acevedo
e o Cantón d'o Xeneral. (1)

9. A Coruña no é Coruña,
si non un *puerto de mar* (2)
onde navega meu Pepe
onde pode navegar.

10. Adiós a cárcel real
e o paseo d'a *Chinela*, (Ferrol)
esquina d'o murallón
casa de María Andrea.

11. Adiós, meu campo d'a *Leña*, (Coruña)
adiós, esquina d'o Parque;
moitos suspiros me debes,
esquina d'o baluarte.

(1) Alude á los nombres con que durante muchos años se distinguió la que vuelve á llamarse calle Real (y, antes, de Acevedo) y el Cantón de *Porlier*, en memoria de dicho general. Recobró su antiguo nombre de Cantón Pequeño, con el cual se le conoce hoy.

(2) A veces se intercala una voz castellana, á semejanza de lo que ocurrió á algunos poetas castellanos, en particular del siglo XV, con la lengua latina.

12. Aldea de Palavea,
de noite paséi por ela;
alumbroumẽ San Vicente (1)
d'o seu altar c'unha vela.

13. Aldea de *Vilaboa* (2)
de lonxe parece un pozo;
o que teña amores n-ela
pódese chamar dichoso.

14. Á Meaño, á Meaño,
prenda d'o meu corazón;
á Meaño, á Meaño,
ô lugar d'o Couto non.

15. As *garelas* de Betanzos (descaradas)
aquelas d'o abanico
levan (3) un gato n-a cesta
pensando que era un cabrito.

16. As mociñas de Vilar
todas andan de mandil;

(1) Patrón de la parroquia de Elviña, cerca de la Coruña. Este cantar es casi igual al número 1 de esta sección.
(2) Hoy villa de Rutis, á 7 kilómetros de la Coruña.
(3) Se nota aquí la sustitución de un tiempo del verbo por otro menos propio.

d'elas todas a millor
non val un maravedí.

17. As mociñas de Paderne (1)
todas van n'un barco roto;
levan-o coxo d'as *Sánchez* (2)
de mariñeiro piloto. (3)

18. As rapaciñas d'a *Graña*, (4)
as de Ferrol e as de *Neda*, (5)
anque non teñan diñeiro
¡bon zapato e boa media!

19. As rapaciñas de *Noya* (6)
cando van vender o leite,
levan o cacho d'o lume
para traer o aceite.

(1) *Paderne:* voz céltica.
(2) Lugar de Santiago de Paderne, en Cesuras.
(3) Dicho marinero, cojo, vivía hace 50 años.
(4) Inmediato al Ferrol.
(5) Partido judicial del Ferrol.
(6) Puerto situado al Sudoeste de la provincia de la Coruña.

20. Á subila á baixala
a costa de *Reboredo* (1)
á subila á baixala
perdín a cinta d'o pelo.

21. Á subila á baixala
a costa de *Rebordelos*, (2)
á subila á baixala
perdín a roca d'os *cerros*. (3)

22. Á subila á baixala,
a costa de *Sigüeiro*, (4)
á subila á baixala
con ferreñas e pandeiro.

23. Á subila, á baixala
a costa de *Trasanquelos*, (5)
á subila, á baixala
perdín a roca d'os cerros.

(1) Parroquia cerca de Betanzos.
(2) Parroquia de Cines, Ayuntamiento de San Pedro de Oza, partido judicial de Betanzos.
(3) Atadillo de lino para poner en la rueca.
(4) En el partido judicial de Santiago.
(5) San Salvador de Trasanquelos, Ayuntamiento de Cesuras, partido judicial de Betanzos.

24. A viliña de Betanzos
dà de comer á quen pasa;
si cartos leva n-a bulsa
pan de trigo haino n-a praza.

25. A Virxe d'a *Cerca* (1) vaise
o cabildo vai con ela;
panadeiriñas d'a praza,
vind'a despedirvos d'ela.

26. Betanzos ¡ai! leva a palma
d'as muchachas bunitiñas,
pero non teñen a gracia
d'as nenas ferrolaniñas.

27. Betanzos é boa vila
da de comer á quen pasa;
levando cartos n'o peto
pan de trigo haino n-a praza. (2)

28. Camariñas, Camariñas, (3)
o rei te quixo vender;

(1) Santiago de Compostela.
(2) Casi igual al núm. 24.
(3) Partido judicial de Corcubión.

¡o que compre á Camariñas
moito diñeiro ha de ter.

29. Cómo chove menudiño,
cómo menudiño chove,
cómo chove menudiño
pol-a banda de *Lestrove.* (1)

30. En *Cristin* hai boas nenas,,
en Vilar hai ¡un regalo!
baixando por *Veis* abaixo,
¡ai, Jesús, que me desmayo! (2)

31. En Vista Alegre *dixín* (dije)
baixando á *Vilagarcía:* (3)
«eu monxa non quèro ser,
casada... ¡non sei qué diga!»

32. Esta terra non é boa,
non se dan o garabanzos,

(1) Del partido judicial de Padrón. Este cantar es semejante al núm. 8 del tomo II, pág. 119, bellamente glosado, según se dijo, por la ilustre cantora de Galicia, Rosalía Castro de Murguía.
(2) Esta y las demás que aparecen en la colección suenan como en castellano.
(3) Provincia de Pontevedra.

vámonos, miña miniña,
vámonos para Betanzos.

33. Hei de facer unha ponte
de Mugardos á Ferrol, (1)
para que por ela pase
o ben d'o meu corazón.

34. Hei de facer unha ponte
toda d'*achas* de améneiro, (astillas)
para se pasear Patiño
de *Cabanas* ô *Pereiro*. (2)

35. Hermoso areal de *Ares* (3)
cantos sospiros me levas;
si che foran graus de trigo
sembrara todal-as terras.

36. N'a aldea de *Cutián* (4)
n-a primeira casa non,

(1) Está la ría del Ferrol en medio.
(2) Parroquia y Ayuntamiento de Cesuras, partido judicial de Betanzos.
(3) Pequeño puerto del partido judicial de Puentedeume. Los nombres gallegos *Ares*, *Arosa* y otros se creen derivados de *Ar*, *Arus*, que en céltico quiere decir *Dios*.
(4) Ayuntamiento de Cesuras.

alí máis abaixo un pouco
téñoch'o meu corazón.

37. Nenas de Castro Loureiro,
deixá pasá-l-as d'a *Ulla* (1)
con ferreñas e pandeiro.

38. Nostra Señora m'axude
á poñer ó devantal,
que me din que teño amores
n-esta aldea de *Mayal.* (2)

39. Nuestra Señora de *Ois* (3)
e a Virxe de Cabalar,
nuestra Señora d'as *Neves* (4)
habédesme de gardar. (5)

40. Nuestra Señora de Oleiros,
Santa María de Dejo,

(1) Ayuntamiento de Vedra, partido judicial de Santiago.
(2) Parroquia del Ayuntamiento de San Pedro de Oza, partido judicial de Betanzos.
(3) Partido judicial de Betanzos.
(4) Partido judicial de Puentedeume.
(5) La ignorancia hace suponer hermanas estas tres advocaciones cual si se tratara de tres Vírgenes diferentes.

San Xulián de Serantes
e San Martín de *Dorneda.* (1)

41. O logariño de Esqueiro,
pequeniño e ben vizoso,
o que n-el tomare amores
pódese chamar dichoso.

42. O muiñeiro d'a *Ribeira* (2)
tèn as febillas de prata;
¡c' unhas cousiñas e as outras
a miña fariña falta!

43. Ó pasar o Rego d'Agua
o Rego d'Agua d'a Cruña,
o pasar o Rego d'Agua
embarqueime n-a falúa.

44. Ó *Ribeiro* (3) fun por viño
e emborrachóum'unha nena;

(1) Parroquia próxima á la Coruña y con vistas á su bonita bahía.
(2) Partido de Cutián, Ayuntamiento de Cesuras.
(3) Provincia de Orense.

non quero máis d'o Ribeiro
qu'inda me doi a cabeza.

45. Ó San Bastián corramos
â cima d'o *Pico-Sagro* (1)
para ver cal raya o sol
n-as torres de Santïago. (Compostela)

46. Oxe aquí, mañán en Francia,
esoutro día en Toledo;
ôs soldados d'á cabalo
dállel'o aire n-o pelo.

47. Para cantar e bailar
Cutian e *Figaredo*; (2)
para botar unha ronca
vivan as de *Peronegro*. (3)

48. Para *Mandayo* (4) me vou
para Mandayo m'hei d'dir,

(1) A 14 kilómetros de Santiago.
(2) En la parroquia de Cesuras.
(3) Lugar de Loureda en Cesuras, partido judicial de Betanzos.
(4) En la parroquia de Cesuras.

as nenas son cariñosas,
con elas hei de dormir.

49. Para pan de trigo, Caldas;
para molete, Padrón;
para nenas arrogantes
en San Pedro de *Rebón.* (1)

50. Paxariño gorrión,
¿ónde vas facel-o nido?
—O carballo de Viana
ô máis alto ramalliño.

51. Pol-a pena d'a *Marola* (2)
vai un gato dando berros,
que lle cortaron o rabo
para pillar os *xurelos.* (3)

52. Pol-a pena d'a Marola,
pol-a d'a Marola pena,
pol-a pena d'a Marola
rema, remeiriño, rema.

(1) Partido judicial de Caldas, provincia de Pontevedra. Este cantar es semejante al núm. 46, pág. 156 del tomo II.
(2) Peñasco ó islote situado entre las bahías de la Coruña y Ferrol.
(3) Alude á la carnaza ó cebo para la pesca.

53. Pol-o lugar de *Guxinde* (1)
ô revolver d'as ladeiras,
pasâde co a faldra fora
pol-o mor d'as *feiticeiras.* (2)

54. Pontedeume, Pontedeume,
ponte de fino metal;
quen che puxo Pontedeume
non te soupo bautizar.

55. Por esta ría de *Vares* (3)
pasean moitos barquiños;
tamén o meu Lourenzo
pasea po-los camiños.

56. Quédate con Dios, adiós,
qu'o domingo nos veremos
xunt'â iglesia de San *Xorxe* (Coruña)
donde se venden os grelos.

(1) Parroquia del partido de Bande, en Orense.
(2) Cree el vulgo que la camisa de fuera las ahuyenta.
(3) Partido judicial de Ortigueira.

57. Quén me dera *óvos chocos* (1)
revoltos con garabanzos
para mandar de regalo
âs *garelas* (2) de Betanzos.

58. San Antonio de *Cuiña*,
San Pedro de *Perzomillos*,
Santo Estebo de *Vivente* (3)
todos tres eran viciños.

59. San Antonio de Cuíña
ten unha pipa n-o monte;
as mulleres béban viño
e os homes auga d'a fonte.

60. Santïago de Meangos (4)
San Lucas de Cullergondo,
San Salvador de Cerneda,
Santa Eulalia de Abegondo. (5)

(1) Huevos podridos.
(2) Apodo de las betanceñas.
(3) Parroquias del partido judicial de Betanzos.
(4) *Meangos* parece derivado del céltico *mean*, que significa *piedra*.
(5) Parroquias del partido judicial de Betanzos.

61. Santo Cristo de Fisterre,
Santo d'a barba dourada,
axúdam'a remontar
a laxe d'a *Touriñana.* (1)

62. San Vicente de Rial,
San Vicente de Niveiro,
San Salvador de Bembibre,
San Martín de Coucieiro. (2)

63. Si queres qu'arda *Bayona* (3)
ô castillo pònlle lume;
tamén nosos corazós
arden e non botan fume.

64. Teño unha nena n'o Porto,
outra n'o *Riveiro d'Avia;* (4)
s'a d'o Porto é bonitiña
a d'o Riveiro lle gana.

(1) En la costa Norte de Galicia, cabo Touriñán con sus bajos.
(2) Parroquias del Ayuntamiento de Buján, partido judicial de Órdenes.
(3) Provincia de Pontevedra.
(4) Provincia de Orense.

65. Terras frías non dan pan;
as rapazas d'a Mariña (1)
n-a montaña non se dan.

66. Todol-os deixo citados
para ir â foliada,
Berdillo, Sofán e Artes,
Santa María de Ardaña. (2)

67. Unha palabra me *deche* (diste)
xunto os árboles d'o *dique*, (del Ferrol)
e por testigos puxeche
aqueles álamos tristes. (3)

68. Val máis unha d'a Mariña
vestida de lan e liño,
que non unha montañesa
vestida de pano fino.

69. Val máis unha mariñana
c'un refaixo de *picote* (4)

(1) *Mariñas*, ó tierras feraces en la costa de cierta región de la Coruña y Betanzos.
(2) Parroquia del partido judicial de Carballo en la provincia de la Coruña.
(3) Resulta una redondilla.
(4) Género áspero usado por los aldeanos.

que non unha montañesa
con tres mil reás [1] de dote.

70. Véñome par' a Coruña
á tomar novo querer,
porqu'as nenas de Ferrol
non saben corresponder.

71. Vexo mar e vexo terra,
vexo a pena d'a Marola,
vexo soldados en Franza
n-o campo xogando â bola.

72. Vexo Vigo, vexo *Vigo*,
tamén vexo *Redondela*, [2]
vexo a pena d'a Marola:
¡cousiñas d'a miña terra!

73. Viva Lugo porque tèn
murallas pol-o arredor:
¡que viva a xente d'a serra
xa que eu son serrador!

(1) Es común la pronunciación de *raás* por *reás*.
(2) Vigo y Redondela en la provincia de Pontevedra.

74. Víva Orto, víva *Orto* (1)
e tamén viva *Santiso*; (2)
viva Orto, viva Orto
e viva a terra qu'eu piso.

75. Xa chegaron â Palloza
os mariñeiros de Miño;
logo ha de haber cabezudas
para remollar con viño. (3)

76. Zapatiños d'unha sol
tênos a miña cadela
para ir pillar as lebres
ô monte de *Piadela*. (4)

Los números 1 á 3, 14 á 17, 20, 21, 23, 24, 30, 34, 36, 38, 39, 42, 45, 47, 48 á 50, 58, 59, 63, 65, 68, 73 y 75 fueron obtenidos en diferentes puntos del partido judicial de Betanzos. El 12 y 13 en la Coruña. El 28 en Cines, partido judicial de Betanzos. El 66 en Carballo.

(1) San Martin de Orto, Ayuntamiento de Abegondo, partido judicial de Betanzos.
(2) Partido judicial de Arzúa.
(3) En el periodo de la llamada *costera*, ó tiempo de la pesca de la sardina, acuden á la *Palloza*, sitio de la bahía de la Coruña, marineros de Miño y otros puntos para ayudar á las faenas del mar.
(4) San Esteban de Piadela, partido judicial de Betanzos.

GRACIOSAS

—

1. A agulliña vai cosendo
e o dedal vaina seguindo;
así fai a boa nena
que d'o amor se vai rindo. (1)

2. Ai, Xesús, que m'asucede,
acodídeme, viciños,
que me *trougo* á media noite (trajo)
unha gata tres *miquiños.* (gatitos)

3. ¡Ai! que pereira tan alta,
¡ai! que peras tan maduras,
¡ai! que nenas tan bunitas,
¡quén che m'as dera n'as uñas!

(1) Casi igual al núm. 1, pág. 159 del tomo I.

4. Aire, nenas; aire todas,
e tamén aire con elas;
eu como son pequeniño,
métome n'o medio d'elas.

5. Alabado sea Dios
que xa ven a barateza;
catro homes por un carto
e as mulleres á peseta. (1)

6. Aló arriba n-o monte,
aló arriba n'o monte
a muller *malla* n-o home (sacude)
porque non lle vai â fonte.

7. A miña muller é miña,
ela é a miña muller;
dendes que me vou d'a casa (2)
ela é de quen-a quer.

8. A muller de Roque-troque
noñ tèn faldra n-a camisa;
si Roque-troque ll'o sabe
non s'ha de ter co-a risa.

(1) Casi igual al cantar núm. 2, pág. 165 del tomo II.
(2) También se dice *désdeque*, esdrujulizando el sonido.

9. —¿Á onde vas, Mariquiña?
—¿Qué ch'importa á tí, Antón?
Vou â casa d'o tendeiro
por un pouco de xabrón.

10. Á pedir que m'han de dar,
á pedir que m'han de dar;
donde me digan que non
alí hei de porfiar.

11. A perdís anda n-o monte,
o perdigón n-o valado;
a perdís anda dicindo
vén acó, *Pepe de Prado.* (1)

12. As rapazas de *Mayanca* (2)
van ô muíño á Chancela;

(1) Hace cincuenta años era, el sugeto á quien se refiere el cantar, gallardo mozo de San Vicente de Carres; Ayuntamiento de Cesuras.

(2) *Mayanca* es céltico: significa *lugar, plaza.* Entre las voces célticas de lugares figuran las gallegas Arzúa (Arazúa), Beán, Calo, Carnota, Ce, Cines, Castro, Corme, Garás, Laya, Meán, Rus, Sar, Sarria, Sebe, Serantes, Sarandones (en celta Zarandone) y otras varias, en particular las terminadas en ambre, ebre, obre, como Bañobre, Barallobre, Cambre, Cecebre, Cillobre, Pantobre, Tambre, etc.

levan ovos e touciño
para quen dorme con elas.

13. A tua muller, Farruco,
a tua muller pequena,
a tua muller, Farruco,
chama por ela que veña.

14. Cando os caraveles abren
rompen pol-as catro esquinas;
un amor, cando pretende
non conta senón mentiras.

15. Cando poño os bois ô carro
sempre digo «Dios delante;»
cando chego â corredoira
«Éi, moreno, para diante.»

16. Cando vin pol-o *Pasaxe* (1)
o subir n'o bote

(1) Punto próximo á la Coruña, á la entrada de la Ría del Burgo.

hóuben de virar;
cando vin de volta
cambiéi a peseta
xa non quixen máis.

17. ¡Cánto miras para min!
¡cánto me *chuscas* o ollo!; (guiñas)
teño moito que facer,
non podo atender á todo.

18. Catro cornos para ti,
catro para tua nai,
—Tóma, lévame estes catro
o cornudo de teu pai. (1)

19. Catro cousas hai n'o mundo
que revolven o sentido:
amar e non ser amado,
querer e non ser querido. (2)

20. Catro cousas quèr o amo
d'o creado que o *serve:* (3)

(1) En ademán de figurar los cuernos con los dedos *índice* y *meñique*.
(2) Parece ser castellano en su origen.
(3) Se dice *sirve* y *serve*.

tarde â cama, *erguerse cedo* (1)
comer pouco e andar alegre.

21. Catro cousas pide o amo
ô criado que o serve:
trasnoitar e madrugar,
comer pouco e andar alegre.

22. Cinco xustillos teño
de diferente color,
e cinco amores tamén
par'escoller o millor.

23. Chamácheme *pouca cousa*,
parente de *Malagana;*
tamén fago que non oyo
á quen á min non m'agrada,
así como á quen m'agrada
lle falo de boa gana.

24. Chámanm'o pito d'o Cairo
porque nacín en Xaneiro;

(1) Levantarse temprano. Es casi igual al núm. 51, pág. 63 del tomo II.

se *m'o raposo* non come (1)
hei d'ir cantar ô poleiro.

25. Dam'un figo d'a tua parra
e un racimo d'a figueira,
unha *nös* d'o teu castaño (nuez)
e unha pera d'o *ameneiro*. (2)

26. Dáme viño, dáme viño,
mariñeiriño d'o mar;
dáme viño, dáme viño,
que a auga me fai hinchar.

27. D'a miña ventana nova
vexo a casa d'o meu sogro;
máis quixera verll'o fillo
que non verll'o qu'él tèn todo.

28. *Deiteime* (3) n'a miña cama
dormín un sono lixeiro;
deiteime n-o mes de Agosto
e erguinme n-o de Xaneiro.

(1) Trasposición desconocida en castellano.
(2) Aliso ó abedul.
(3) *Deiteime:* acostéme.

29. Déixam'ir que vou de presa
de regar o meu liñar,
que mañán e dia santo
falaremos de vagar.

30. Déixame pasar que vou
á buscar a augua serena,
que quero lavar a cara;
¡dícenme que son morena!

31. De pequeniño choraba,
ahora son grande e choro;
de pequeno po-l-a teta,
agora po-l-o teu *colo*. (regazo)

32. Deprendeume miña nai
á tocar a pandeireta,
¡e mira si *cedo foi!* (temprano fué)
¡cando me *tirou* d'a teta! (quitó)

33. Dices que te queim'o sol,
Rosiña, Rosiña, Rosa,
¡a mazán que está sombriza
nunca foi a máis sabrosa!

34. Dinme que non teño rendas
para *manter* ó marido; (mantener)
teño n-a veira d'o río
un *salgueiriño* frorido. (saucecillo)

35. Dinme que non teño rendas
para manter a muller;
teño un *carballo* n-a eira (roble)
roya n-él cando quixer.

36. Dinme que non teño rendas
para manter o estado;
teño n-a veira d'o río
un salgueiriño prantado.

37. Dinme que non teño rendas
para manter o meu home;
teño unha *meda* (1) n-a eira
ben o mantén... si non come.

38. Disme ti que non *atopas* (hallas)
unha nena que ch'agrade;

(1) *Meda:* montón formado con los haces del trigo y centeno á la espera de la trilla ó *malla*, que se verifica apaleándolos con los *mallos*.

deprende ben á buscalas
verás como logo salen.

39. Dis que me deixas por outra,
eu d'eso m'alegraréi:
que, se me por outra deixas,
eu por outro te deixci.

40. Dis que me querías ben
y o teu querer era falso;
eu como son picarona
conforme me tocan danzo.

41. *D'o queixo non che me queixo* (1)
qu'o queixo ben che me sabe;
quéixome de quen-o vende
que non m'o deixa de balde.

42. Dormido n-a miña cama
soñando a miña ventura,
unha pulga doum'un *couce* (coz)
guindoume n-a sepultura. (me arrojó)

(1) Del queso yo no me quejo.

43. Ela tiña e-y-el *tiña*, (tenía)
ambos tiñan ben do seu;
ela, tiña, n-a cabeza,
él debaixo d'o chapeu. (1)

44. Enfadácheste conmigo
porque neno che chamei;
¡mira si non é *nenada* (niñería)
decir que t'olvidaréi!

45. Escurrín, caín de *xonllos*, (hinojos)
escurrín, caín de xonllos,
fun bater co'a cabeza
onde teu pai curte os coiros.

46. Escurrín, caín n-a *lama* (lodo)
e pronto me levantéi;
sacodín o meu capote,
conforme estaba quedéi.

47. Escurrín, caín n-a lama,
escurrín, caín n-a lama;

(1) Parece jugar con el equívoco *tiña*, que significa *tenía* y al mismo tiempo la enfermedad de la *tiña*.

calquera home de ben
ten unha *tracaburrada.* (1)

48. Eses dous qu'andan n'o baile
os dos igualiños son;
vái á buscar o abade
que lles bote a bendición.

49. Estand'o outro día n-a misa
mirache pra min e riche;
volvéchem'hoxe á mirar
ti... ¡sei que nunca tal viche!

50. Esta noite hei d'ir alá,
terásm'o postigo aberto;
¡ai! si ch'o atopo cerrado
vai á haber n-a aldea o demo. (2)

51. Este ano hai moito liño,
tamén ha d'haber as *tascas*, (3)
tamén se ha d'apreciar
o chamar boas rapazas.

(1) Torpeza, resbalón.
(2) Es semejante al núm. 27, pág. 245 del tomo I.
(3) Reunión de mujeres para mazar el lino. Motivo de alegre distracción.

52. Estudiante *lareiro* (1)
qu'estudías tras d'o *lar*, (hogar)
¿cándo t'hei de ver, lareiro,
da-l-a volta n-o altar. (decir misa)

53. Estudiante que estudías
¡á onde vas á estudiar!
o río de Santa Clara
ond'as monxas van lavar.

54. Eu ben vir estar o crego
de *querquenas* tras d'o lar, (cuclillas)
eu penséi ¡por vida miña!
qu'era un toxo de queimar.

55. Eu ven vir estar o cuco
debaixo d'unha *escudilla;* (taza)
así como foi verdá
tamén pudo ser mentira.

56. Fun â fonte buscar augua
e pilléi unha lamprea;
bástame ben casa probe
sin qu'a muller sea fea.

(1) Apegado al hogar.

57. *Funme* por aquí abaixo (fuíme)
volvín por aquí arriba
fiando n-a miña roca (hilando)
gobernando a miña vida. (1)

58. Héich'as de dar, Manueliño,
heich'as de dar si as teño
papas de millo miúdo
feitas n-o pote pequeno.

59. Heich'o de dar e dareich'o
e volveréich'o á dar,
o galón d'-o meu sombrero
se o pudera quitar.

60. Hei de facer unha ponte
toda de *achiñas* meúdas (rajas de leña)
para pasear as *meigas* (brujas)
de *Leiro* (2) para *Cas-Xudas.* (3)

61. Héime de embarcar n'un barco,
n-un barquiño de papel;

(1) Casi igual al núm. 43, pág. 225 del tomo II.
(2) *Leiro*, de Santa Eulalia de Abegondo, partido judicial de Betanzos.
(3) *Cas-Xudas* llaman á un sitio de San Tirso de Abegondo, en el mismo partido judicial.

ténte, Marica, non cayas,
arrímate á Manoel.

62. Indo para Santïago
doum'a morte n-o camiño;
deixo dito que m'enterren
n-a cama d'o meu veciño.

63. Indo para Santïago
doum'a morte n-unha eira;
deixo dito que m'enterren
n-a cama d'a costureira.

64. Mala morte mate os homes;
eu por todos no-n-o digo:
gárdeme Dios á meu padre
e tamén ô meu marido.

65. Mariquiña, ti é lo diaño
que me andas atentando,
que de día, que de noite
sempre t'encontro lavando. (1)

66. Miña comadre formiga,
veño á que me preste un pan.

(1) Semejante al núm. 43, pág. 169 del tomo I.

—Meu compadre *escarabello* (escarabajo)
héino de cocer mañán. (lo he)

67. Miña filla foi â fonte,
moito tarda que non vèn;
ou *quebroull'o* (1) cantariño
ou un rapás a detén.

68. Miña *garganta* (2) de neve,
miña garganta de neve,
non vou á sitio d'o mundo,
garganta, que non te leve.

69. Miña nai mandoume ô monte
buscar un *feixe* de leña; (haz)
veu un galán e engañóume,
¡nunca ch'outras penas teña!

70. Miña nai doum'unha tunda
e despois doume de bicos;
miña nai é cariñosa
como o *bexato c'os pitos.* (3)

(1) Otros dicen *crebóulle.*
(2) También se dice *gorxa.*
(3) «Como el milano con los pollos.»

71. Miña sogra morréu *onte* (ayer)
enterreina n-o palleiro;
meus cuñados á chorar
e-yeu tocando o pandeire.

72. Miña sogra quèrme mal,
miña cuñada tamén;
quéirame ben o meu home
non se me dá por ninguén.

73. Mociño qu'estás n-a porta,
espera máis un pouquiño,
qu'está un corno á cocer
comerás un bocadiño.

74. Mociño que estás n-a porta,
para ti n'hai nada drento;
embózate n-a tua capa
mira d'ónde sopla o vento.

75. Moito miras para min,
seique me queres comprar; (acaso)
as tuas monedas falsas
non valen pra me pagar.

76. Mozos hái-n-os n'a montaña,
mozos háinos n-a ribeira,
háinos de media polaina,
háinos de polaina enteira.

77. Muchacha que sabes tanto,
que sabes lèr e contar,
tamén podías saber
as aréas qu'hai n-o mar.

78. N-esta terra non s'axusta
nin se deixa d'axustar;
hora dime, bon maestro,
¿cánto me queres *levar?* (1)

79. Noite escura, noite escura,
noite de grande regalo,
xa me *tèn* (2) aborrecido
as noites de luar craro.

80. Non digas que non *atopas* (hallas)
unha nena que ch'agrade;

(1) *Levar* aquí equivale á *mercar*.
(2) *Tèn* en singular por el plural *teñen*.

as rapaciñas bonitas
onde están logo se sabe.

81. Non me lavo, son cochina;
si me lavo, son *lavada;* (descarada)
si non falo, son señora;
¡se falo... son marmulada!

82. Non me mandes qu'eu iréi;
non me poñas coidadiño,
coidadiño eu *n-o terei.* (1)

83. Non penses porque t'escoito
que xa de ti me namoro;
as mozas sempre escoitamos
con boa cara e bo modo.

84. Non quero home d'oficio
que *me non tèn* (2) convenencia;
dorme moitas noites fora
y eu teño pouca pacencia.

(1) La *n* de *n-o terei* es innecesaria; se copió para demostrar la tendencia á suavizar los sonidos.
(2) Trasposición frecuente. Este cantar es casi igual al número 72, pág. 232 del tomo II.

85. Non teño gana de rir,
nin de rir nin de *rinchar;* (relinchar)
teño gana de dormir,
de dormir e descansar.

86. Non teño pan nin fariña;
vou amasar unha bola:
as ovellas, sin rapar;
vou buscar a *cardadora.* (de la lana)

87. Nunca *silva* me prendeu (zarza)
que sangre che me tirase,
nin amor che me olvidóu
que m'o sospiro levara.

88. O abade dí e dí,
dí e dí e ten razón,
que non hai mellores nenas
qu'as da sua xursdición.

89. O amor qu'ha de ser meu
ha de ser d'esta maneira;

halle dar â sua dama
ovos (1) frescos con manteiga.

90. O anillo que me dèches
nin é d'ouro nin de prata;
s'o teu querer n'è millor
lévall'o á quen teña falta.

91. O caravel cando nace
de pequeniño *recende*, (huele)
non hai cosa máis humilde
que o amor cando pretende.

92. O cariño é unha albarda
que poñen á quen quèr ben;
eu por non ser albardado
non quero ben á ninguén.

93. O crego cando vai fora
déxalle dito á Manoela:
moza, si non veño d'hora
fai a cama e vaite á ela.

(1) No necesita la *h* como en castellano *huevo*, á semejanza de lo que ocurre á *orfos* por *huérfanos* y, en castellano mismo con *orfandad*. Con frecuencia se olvidan los origenes latinos y que la *h* la exige el diptongo inicial.

94. O crego cando vai fora
déixalle dito á *Mingacho:* (Domingo)
mozo, si non veño d'hora
darás de beber ó macho.

95. O crego foi ó muíño
e cayeu n-o *termiñado;* (1)
alá vai a ama á acudirlle
qu'está todo enfariñado.

96. O crego non ten camisa,
a criada maldit'ûnha,
e o criado vai dicindo:
«para todos temos unha.»

97. O día que me caséi
pareum'a miña muller;
a fortuna qu'eu tuven
Diol-a dea á quen quixer.

98. O día que me caséi
tamén bauticéi un fillo;
fixen duas festas xuntas,
matéi dos *pombos* d'un tiro. (palomos)

(1) *Termiñado:* lo acabado de moler.

99. O difunto vai n-a *eirexa* (1)
a muller queda apenada;
vamos bebendo e comendo,
con chorar non se fai nada.

100. O ferreiro co'as pulgas
nunca pudo adormecer;
abreu as portas d'a forxa
botóu as mantas á arder.

101. Olvidácheme, olvidéite,
amor meu, estamos pagos;
agora *imos* entrando (vamos)
n-a vida d'os olvidados.

102. O muíño *trèina trèina*, (2)
a auga faino treinar;
o fillo d'a muiñeira
tamén xa se quer casar.

103. O pandeiro sin ferreñas,
as ferreñas sin pandeiro,

(1) *Eirexa:* iglesia. También se dice *igresia* y *airexa*.
(2) Palabras imitativas del ruido propio de las piezas superiores del molino.

fai (1) com'o barco sin remo,
o remo sin mariñeiro.

104. O *pantrigo* (2) sabe ben,
ten boa sorte quen-o come;
tamén casada bonita
é pantrigo par'o home.

105. O que ten amores lonxe
e *regueiros* que pasar, (arroyos)
póñalle a ponte de pedra
¡que de pau ha de crebar! (3)

106. Os fillos d'a miña filla
todos meus netiños son;
os fillos d'a miña *nora* (nuera)
quezáis sí, ou quezáis non. (4)

(1) *Fai:* singular en sustitución de *fàn*, plural.
(2) Voz compuesta de dos sustantivos. Hay en el gallego compuestos de verbo y nombre, como *furabolos*, y de preposición y nombre, como *carantoña*, en cuya voz entra la preposición *ante*.
(3) Porque se presume que el enamorado pasará demasiadas veces.
(4) Alude á la posible infidelidad de la nuera.

107. Os solteiros valen ouro,
os casados valen plata,
os viudos, calderilla,
os vellos, folladelata.

108. O vello perdeu a vella
por entr'o millo d'o órreo;
ahora anda dicindo
que ll'a levóu o raposo.

109. O vello perdeu a vella
por entr'a palla d'o *pan*; (por trigo)
agora anda dicindo
malas novas d'ela *vàn*. (1)

110. O xastre d'a curricaina
talloum'a (2) a miña mantilla;
mandóume *deitar* n'a cama (acostar)
para tomarm'a medida.

111. Paséi pol-a tua porta
non me quixeche falar;

(1) *Vàn*, en singular, por *vayan*, plural.
(2) Más semejante á otras románicas que en castellano.

as falas non te derraman
se non te *què*s (1) derramar.

112. Pol-a mar abaixo vai
cousiña que sabe ben;
vaite criando, rapaza,
¡ para regalo d'alguén!

113. Por aquí pasóu o aire
eo'as *màs* (2) n-a faltriqueira
vai tiritando de frío,
fáill'o lume, costureira.

114. Por debaixo de estes *freixos* (fresnos)
podemos parrafear,
qu'as follas son miudiñas
e no-n-as pasa o lunar.

115. Quén me quer comprar que vendo
amores qu'eu olvidéi;
si m'os pagan á real
sete cartos volveréi.

(1) También se dice *queres*.
(2) También se dice *mans* y *maus*.

116. Quén me quer comprar que vendo
os amores d'algún día;
os d'agora no-nos vendo
que son *d'a alta valía.* (1)

117. Quen tèn amores non dorme,
eu así tamén facía;
ahora que no-nos teño
dormo (2) de noite e de dia.

118. Quixen facer un cigarro
por non perdèl-a costume,
e arreparéi que non *tiña* (tenía)
tabaco, papel nin lume.

119. Rapazas d'alá d'abaixo
vide á lavar ô meu río;
anque a auga non é miña
nace n-o meu labradío.

120. Rosiña d'a *primaveira,* (3)
dám'a man po-l-a ventana;

(1) Del más alto valor.
(2) También se dice *durmo.*
(3) Se dice también *primavera* y *primadera.*

dám'a man, miña Rosiña,
durmirás acompañada.

121. Sardiñas frescas d'o mar,
¡quén che me dera un *milleiro*, (millar)
pantrigo de Rivadavia,
nenas, d'o chan d'Amieiro.

122. Se deixo por Pedro á Xan
non me *rifes*, miña nai; (riñas)
Pedriño ten certo *aquel* (perfección)
que moita gracia me fai.

123. Sei cantar e sei bailar,
sei facer o que quixer,
tamén sei facer a risa
de *que-n-a de min fixer*. (1)

124. Sei un niño de *paxáro* (2)
ala n-o monte d'a *xesta*, (retama)
si das co' meu niño, nena,
si das co' meu niño hai festa. (3)

(1) Giro especial gallego.
(2) También se dice *páxaro*.
(3) A veces se trasponen palabras en los dos últimos versos.

125. Silva verde, non me prendas,
déixam'ir, que vou deprisa;
qu'está o cura n-o altar
e quéroll'oíl-a misa.

126. Soxeitadiña te vexas,
corpo de tanto donaire,
soxeitadiña te vexas
porque non te leve o aire.

127. Tanto me doi a cabeza,
Jesús, *María y José*, (1)
tanto me doi a cabeza
que non me teño de pè.

128. Teño sede, teño fame,
mais a sede no é de viño;
teño sede, teño fame
teño sede d'un *biquiño*. (besito)

129. —Tóma, cego, a limosna
e non me collas a man.
—Perdone, miña señora,
penséi qne todo era pan.

(1) Pronúnciase como en castellano.

130. Toda a miña vida *andéi* (1)
aire vendendo n-un fol;
ahora que xa son vello
quérome quentar ô sol.

131. Toda-l-as horas d'o día
lle rezo a Santa Taresa
me dea un boa sogra
e pan de trigo n-a artesa.

132. Trigo limpio no-n-o hai;
se queres algún centéo
vai por él á *cas* meu pai. (casa)

133. Trigo que ll'a palla doura
logo está pàra o *fouciño;* (hoz)
nena que atruxa (2) ou aloita (3)
o que quèr é rapaciño.

(1) También se dice *anduven* y *andiven*.
(2) *Atruxa:* grito semejante á un relincho que se da al final de algunos cantos.
(3) *Aloita:* lucha, jugando á brazo partido con alguna persona de otro sexo. Respecto al *atruxo* ó *aturuxo* y su origen céltico, creemos deber copiar las siguientes palabras del señor Martínez Tinajero: «El augur celta, alzando los ojos al cielo, invocó las manifestaciones de lo increado (naturalismo), el agua de la fuente, la rama del árbol, el canto del ave, y sobre todo el relincho de los blancos y nómadas corceles de las selvas sagradas mantenidos por el pueblo y dignificados por el príncipe, *relincho cuyo eco simulan aún en son de regocijo nuestras gentes del Norte al volver de sus romerías.*»

134. *Turra*, turra, (tira)
Xan, po-la burra,
mira que Pedro
a *cadela* (perra)
ch'*apurra*. (azuza)

135. —Turra, turra,
Xan, po-la burra.
—Pedro, non quero,
que son caballero.

136. Unha vella e un vello
van ô *muíño*, (molino)
e n-a corcova levan
pan e touciño.

137. Váite d'ahí, Pedro Chosco,
non m'atentes a criada,
que n-a calzas ni n-a vistes
nin lle pagas a soldada.

138. Veño aquí mandado d'o amo
e non sei qué amo é,
decir á unha d'esas nenas
e non sei càl d'elas é.

que se chegue á donde sabe
eu *inda* non sei ond'é. (1) (aun)

139. Zapatiño d'*unha sol* (una suela)
lévochos ben acabados;
si me buscan o qu'eu quero
dóunos por ben empregados. (dóilos)

Los cantares 3, 5, 7, 8, 11, 12, 16, 22, 24, 26, 27, 31, 33 á 37, 39, 40, 42 á 45, 48 á 52, 54, 57 á 61, 63, 66, 67, 70, 71 á 75, 79, 80, 82 á 85, 89, 94 á 109, 111 115, 120, 121, 123 y 134 fueron obtenidos en varias parroquias del partido judicial de Betanzos.

(1) Canto ingenioso empleado por un muchacho á quien se dió recado para una joven que estaba en una reunión, y á la cual no le era fácil aproximarse.

GRATITUD

—

1. Dios ll'o pague a miña nai
que lle debo obrigación;
que me *trouxo* (1) nove meses
de par d'o seu corazón. (2)

Fué obtenido en el distrito de Aranga, partido judicial de Betanzos.

(1) Se dice también *trougo*.
(2) Semejante al núm. 23, pág. 13 del tomo I.

HURTO

---

1. Benvenido seas, saco,
tres maquilas de ti saco:
unha *sácoa* eu, (sácola)
outra sácoa meu fillo
¡e dempois inda *maquío!* (1)

2. Mariñeiro de *Peirayo*, (2)
maquiador d'o meu gran;
hache de levar o diaño
c'unha maquía n-a man.

(1) Alude á la *Maquila* ó porción del grano que por la molienda se cobra en los molinos.
(2) *Peirayo*, lugar de la parroquia de San Salvador de Cecebre, Ayuntamiento de Carral, provincia de la Coruña. El molino citado en esta copla fué de los más concurridos del país antes de establecerse los movidos á vapor. Dicha copla es satírica contra el sospechado hurto.

INFANTILES

—

1. As abelliñas d'o mel
e de mel e de meludo,
que se vólva (Fulano) del c...
As abelliñas d'o mel
e mel e de melacho
que se vólva (Fulano) de culacho.

(Se canta en juego de rueda por los niños, y entre otras preguntas hacen las siguientes):

—¿Qu'hai n-aquel tellado
—Un gato desfolado
—Qu'hai n-aquela artesa
—Unha vella tesa
—Qu'hai n-aquela escaleira
—Unha vèlla peideira
—Qu'hai n-aquela buratiña
—Unha campanilla
—E ¿cómo fai?
—Tilín, tilín, tilín. (Golpes de c... recíprocamente.)

2. Elas eran tres comadres
e d'un barrio todas tres;
xuntaron unha merenda
para ir ô San Andrés.
Perejil del dómino
dále Andrés,
perejil del dómino
dómine olé.
Unha puxo trinta ovos,
para cada unha dès;
outra puxo unha empanada
de tres codos ô través.
Perejil, etc.
Unha dixo:—Vou por viño,
comadre, ¿cánto traeréi?
—Trái na-máis canado e medio
para volver outra ves.
Perejil, etc.
Una dixo, *pol-a luna:* (1)
—mira qué paniño ingrés.
Outra dixo pol-o odre:
—mira qué neno sin pés,
Perejil, etc.

(1) Respecto de la luna.

Alá pol-a media noite
veu o marido de Inés,
¡pau á unha, pau á outra,
lle dou pau á todas tres.
Perejil, *etc.*

3. Estando á *silva* (zarza)
n-o seu lugar
veu a mora
par'a pillar...
mora n-a silva
silva n-o chan,
o pobre d'o *chan* (suelo)
de todo tèn man.
Estando a *mora*
n-o seu lugar,
vẽu o polo
par'a pillar...
polo n-a mora
mora n-a silva
silva n-o chan,
o pobre d'o chan
de todo tèn man.
Estando o *polo*
n-o seu lugar

veu o zorro
par'o pillar...
zorro n-o polo
polo n-a mora
mora n-a silva
silva n-o chan,
o pobre d'o chan
de todo tèn man.

Estando o *zorro*
n-o seu lugar,
ven o pau
par'o pillar...
pau n-o zorro
zorro n-o polo
polo n-a mora
mora n-a silva
silva n-o chan,
o pobre d'o chan
de todo tèn man.

Estando o *pau*
n-o seu lugar,
veu o fogo
pr'o queimar;
fogo n-o pau
pau n-o zorro

zorro n-o polo
polo n-a mora
mora n-a silva
silva n-o chan,
o pobre d'o chan
de todo tèn man.
Estando o *fogo*
n-o seu lugar
veu a auga
pr'o apagar;
augua n-o fogo
fogo n-o pau
pau n-o zorro
zorro n-o polo
polo n-a mora
mora n-a silva
silva n-o chan,
o probe d'o chan
de todo tèn man.

3. Éste é o dedo *meniño*, (meñique)
éste é o sèu sobriño,
éste é o mayor de todos,
éste é o *furabolos*, (índice)
y éste o *matapiollos*. (pulgar)

4. N-a porta d'a éira
c' un vello varón
que lle chaman Antón.
Piliño de cabra, (pellejo)
fol de castrón, (fuelle de chivo)
rabo d'ovella,
galiña choca:
sái d'a furoca. (sal)

5. Váite *chuvia*, (llùvia)
vénte, sol,
pol-os campos
de Ferrol,
d'arrebol,
que te chama
teu padriño
para *arrolál-* (mecer)
o miniño;
que ch'ha de dar
pan e viño.

(Sentados los niños en el suelo, alternando los dos sexos, se da un golpecito al primero, y se le dice):

6. —*D'a casiña* (1)
ónde vive

(1) Equivale á «usted, la de la casa».

María a Rabiña.
—Alá diante
n-a outra casiña.

(Al siguiente niño se le hacen las mismas preguntas, etc.):

7. —Cacaracá,
pónte n-a pòla;
—quiquiriquí
xa estóu aquí.

8. Crou-crou
quén as orellas
che deixóu.

(Se le da al recién pelado un golpe con los nudillos en la cabeza.)

JUEGO DE PALABRAS

—

1. Xan, dí á Xan
que lle diga á Xan
que vaya abrir á Xan
que está Xan â porta. (1)

Fué obtenido en la Coruña y en otros varios puntos de la provincia.

(1) Se emplea á manera de trabalenguas, haciéndolo repetir más de una vez.

HÁBITOS

—

1. Terra fría non dá pan; (1)
as meniñas d'a ribeira
n-a montaña *non s'afán.* (no se acostumbran)

Obtenido en los partidos judiciales de la Coruña y Betanzos.

(1) Parecido á otro copiado ya.

HONRADEZ

1. Anqu'estóu ô pè d'o *freixo* (fresno)
e máis â sombra d'a rama,
non teño mancha ningunha
que non che m'a saque a auga.

2. Máis quero ser solteiriña
que muller d'home baldío;
máis quèro un pobre con honra
que, sin honra, un home rico.

3. Pereira que non dá peras
¿quén ha d'ir en riba d'ela?
meniña que non tèn honra,
¿quén pra sí ha de querela? (1)

El número 2 fué obtenido en Cines y Abegondo, del partido judicial de Betanzos.

(1) Muy semejante á otro cantar ya copiado.

INDOLENCIA

—

1. Non teño cofia que *pör* (1)
nin camisa que vestir;
a culpa é d'os meus ollos
que non fan senón dormir.

Fué obtenido en Aranga, partido judicial de Betanzos, provincia de la Coruña.

(1) *Poner;* también se dice en lugar de *pör*, *poñer*.

INTERESES

—

1. Cando eu tiña diñeiro
chamábanme «meu Pedriño;»
ahora que vìn á menos
chámanme «Peruleiriño.»

2. Eu ben iba á Portugal
paseando po-l-a mar,
pero dóim'o diñeiriño
qu'o meu Luis vai ganar.

3. Fun á Braga, fun á Ourense,
tamén fun á *Limoeiro*, (1)
non achéi millor amigo
qu'a bulsa d'o meu diñeiro.

(1) Antiguo presidio de Lisboa.

4. Olvidácheme por pobre,
fóraste (1) po-l-a riqueza;
non me volvas non â porta
á querbantar a cabeza.

5. Esta casa caleada
chea de *mazás* (2) maduras,
señora dona d'a casa,
déanos á cad'ûn duas.

6. Señora dona d'a casa
e mai-lo dono tamén,
mánd'unha limosna ô cego
Dios ll'aumente canto tèn.

El número 4 fué obtenido en Cines, partido judicial de Betanzos.

(1) *Te fueras*, por *te fuiste*.
(2) *Manzanas;* también dicen *mazáns*.

MALEVOLENCIA

—

1. As nenas de esta aldea
poucas son, menos serán;
¡quén m'as dèra empipadas
n'unha pipa d'alquitrán!

2. Héiche d'afeitar a cara,
héiche de lavar as màs,
héiche de poñer os pés
c'o de *diante para atrás.* (1)

Fueron obtenidos en Aranga y Cines, del partido judicial de Betanzos.

(1) Mal deseo de verlo difunto y amortajarle.

MALDICIONES

---

1. Á porta *dés cäs* te traben, (diez perros)
malos gatos te *rabuñen*, (arañen)
malas vacas t'*esgorrien* (topen ó *turren*)
malos *furaños* te furen. (hurones)

2. Artícalo un,
artícalo dous,
cáyanch'*os ollos* (los ojos)
antrambos á dous.

3. As nenas d'esta aldea
poucas son e menos sean;
cada día morran sete
pol-o ben que me desean. (1)

(1) Es semejante al núm. 10 de la misma sección.

4. Benvenido seas, guapo,
desaparecido seas;
de noite *crébench*'as pernas (se te quiebren)
pol-a mañán cego veñas.

5. Cantan os galos ô día,
d'a media noite non pasa;
malo raposo che coma
o galo d'a tua casa.

6. Dádelle limosna ô cego,
dáde por amor de *Deus;*
Dios vos poña os vosos ollos
como o cego tèn-os seus.

7. Dios che dea tanta sorte
coma ô meu faco rabelo;
que lle me pregóu a sarna
morreume d'o *xarampelo.* (sarampión)

8. Eu xa tiña un galo pinto
qu'â media noite cantaba;
veu o raposo e *comeum-o,* (me lo comió)
¡que mal porveito lle faga!

9. Malos demoros te leven,
cinco mil carguen contigo;
xa que tès outros amores
¿para qué falas conmigo?

10. Os rapaciños d'ahora
poucos son e menos sean;
cada día morran *dès* (diez)
po-l-o ben que me desean.

11. Señor xués da Airón
e mai-l-o seu escribano,
tantos *demoros* (1) o leven
como días tèn o ano.

Los números 1, 5, 6, 8 y 11 fueron obtenidos en el partido judicial de Betanzos: el 7 en Carballo, partido judicial del mismo nombre, provincia de la Coruña.

(1) También se dice *demos*, *diaños* y *demoniños*.

MENTIRAS

—

1. Eu ben vin segar o viño
e o centeo vindimar,
e unha cadela con pitos
e un galiña ladrar.

2. Pol-a mar andan as levres,
pol-o monte andan as troitas;
si che parece mentira,
¡como ésta háiche moitas!

Obtenidos en el partido judicial de Betanzos.

MESES

—

1. Ouh, *Xaneiro*, Xaneiriño, (Enero)
ouh, Xaneiro d'amargura,
inda ben non amañece
cando xa é noite escura.

2. *Xaranxín, xaranxán,*
que de noite virán.
Levántate, Mayo,
que tanto dormiche,
que pasóu Abril
e ti no-n-o viche.
Xaranxín, xaranxán,
que de noite virán.

Obtenidos en la Coruña.

———

METEOROLÓGICOS

—

1. As estrelas miudiñas (1)
son as que compón o tempo;
díme, díme, rapaciña:
onde tè-l-o (2) pensamento.

Obtenido en la Coruña y en Ares, partido judicial de Puentedeume.

(1) *Miudiñas:* menuditas, ó pequeñas.
(2) *Tè-l-o:* tienes el.

MUIÑEIRA (1)

—

1. Acolá arriba—n-aquela montaña
cortan os cûs—con una fouzaña;
alá vou eu—que me corten o meu...
¡ai! alá vou—que si piden fouzaña
boa fouzaña—lévoa eu.

(1) En el *Cancioneiro da Vaticana* figura con el número 760 la cántiga de Johan Zorro (siglo XIV), de metro muy semejante al de las muiñeiras. Dice así:

Pela ribeira do río salido
trebelhey, madre, con meu amigo:
amor ey migo
que nom ouvesse;
fiz por amigo
que nom fizesse.
Pela ribeira do rio levado
trabelhey, madre, con meu amado;
amor ey migo
que nom ouvesse;
fiz por amigo
que nom fezesse

2. Acolá arriba—n'aquel outeiro
hai un *niño* de *lagarteiro;* (nido) (cernícalo)
fú-n-o á ver—e non *tiña* nada, (fuílo) (tenía)
máli-ô pai que m'a filla non daba.

3. Qu'eu ll'a vestira,—qu'eu ll'a calzara,
qu'eu a deitara—conmigo n'a cama.

4. Acolá arriba n-aquela altura
estaba un vèllo tirand'a atadura;
veu un bexato (1) con grand'arroallo (2)
e sin máis nada rouboull'o cintallo;
dícell'o vello, bexatiño, pousa,
mira que lévasm'a millor cousa.

5. Acolá arriba por entre duas penas
está un galo con duas polas negras;
o galo canto e a galiña *berra* (grita)
chucurruchú que me vou po-l-a terra.

6. A pouca terra ben abonada
vàl pol-a moita mal traballada.

(1) *Bexato:* milano.
(2) *Arroallo:* energía, arranque.

7. Cróuco rapado—foi po-lo río
caíull'a pucha—e morreu de frío.

8. Ela quèr quèr que lle faga uns zapatos,
ela quèr quèr que lle sallan ben guapos;
ai, ai, ai, que trasno de vèlla,
con que contos ela me vèn;
ahora qu'os zapatos lle-fixen
quèr que lle poña os lazos tamén.

9. Ela quèr quèr que lle faga unhas medias,
ela quèr quèr que ll'as faga ben negras;
ai, ai, ai, que trasno de vèlla,
con que contos ela me vèn;
ahora qu'as medias lle fago
quèr que lle poña as ligas tamén.

10. Ela quèr quèr que lle faga un refaixo,
ela quèr quèr que sea moi baixo;
ai, ai, ai que trasno de vella
con que contos ela me vèn;
ahora que-a faldra lle fixen
quèr que lle-bote { un entredós / a panilla } tamén.

11. Ela quèr quèr que lle faga un vestido,
ela quèr quèr que sea ben fino;
ai, ai, ai, que trasno de vèlla,
con que contos ela me vèn;
ahora que o vestido lle fixen
quèr que lle poña a volanta tamén.

12. Ela quèr quèr que lle faga unha chambra,
ela quèr quèr que sea moi guapa;
ai, ai, ai, que trasno de vèlla,
con que contos ela me vèn;
ahora que a chambra lle fixen
quèr que lle poña unha gola tamén.

13. Ela quèr quèr que lle faga un gabán,
ela quèr quèr que sea moi fino;
ai, ai, ai, que trasno de vèlla
con que contos ela me vèn;
ahora que o gabán lle fixen
quèr que lle bote o fleco tamén.

14. Ela quèr quèr que lle traya un pañuelo,
ela quèr quèr que sea moi bueno;
ai, ai, ai, que trasno de vèlla
con que contos ela me vèn;

ahora que o pañuelo lle trouxen
¡quèr que me *deite* con ela tamén! (acueste)

15. Este é o tempo d'estróupele estróupele,
este é o tempo-d'estroupelear,
este é o tempo de mazá-l-o liño,
este é o tempo de o *mazar*. (1)

16. Eu teñ'un canciño—que vèu de Betanzos
que baila o fandango—com'os garabanzos.

17. — Farruquiño — fixéronch'un bolo.
—Sí, señora — e para min solo.
—¿Qué tiña por dentro?
—Fariña e formento.
—E por forà? — Fariña sola.

18. Ferreiro maldito — tocache-lo pito
â porta d'os demos—con sete martelos.

19. Indo eu po-l-o monte d'o tárgallo
levaba n-o cesto-o meu pirindárgallo;

(1) Notable por la armonía imitativa que guarda con el ruido producido por los golpes del mazo.

ai, Xesús, qué lindo repolo
quèn m'o dèra á min n-o meu *colo*. (regazo)

20. Maravillas enmaravillado,
levántese o burro qu'está arrodillado;
maravillas e máis maravillas,
levántese o burro qu'está de rodillas.

21. María Antona a biscoiteira
c... un p... n'a chocolateira.

22. Meaxiñas e máis *meaxiñas*, (miajitas)
meaxiñas eu non quero máis,
que por causa d'as meaxiñas
hame, moito reñer meu pai.

23. Mingueletiño e mail-a muller
á paus anduveron por unha *culler*; (cuchara)
Mingueletiño c'o rabo d'a roca
e a muller c'a tranca d'a porta.

24. Miña monteira riberetada
catro ducados custóum-os a pana;
empezáronma en Pontevedra,
riberetáronma en Redondela.

25. Morreu o *tangueiro.* (tañedor)
—Deixálo morrer,
qu'outro tangueiriño
Dio-l-o ha de traguer.

26. Non sei que lle deu — nin que lle daría,
rapaza tan nova — casarse quería.

27. O gaiteiro de San Xulián
fixo unha casa de m... de can;
nunca lle pudo dar co-a idea,
¡pobre de min que non ten chaminea! (1)

28. O xastre de Barcia—é moi agudo,
que toma a medida — por un *garabullo.* (2)

29. O xastre de Barcia—é moi borreante,
que toma a medida—por un tirante. (3)

30. Pero Merelo vai pol-o Prado,
leva a sua gaita n-a *moca* (4) colgada.

(1) Casi igual á otro copiado ya.
(2) Palito torcido y desigual.
(3) Históricos.
(4) Bastón grueso, aunque algo menos en la sección más alta.

—¿Por qué non tocas, Pero Merelo?
¿por qué non tocas?—Porque non quero.

31. Pol-o mar abaixo
vai indo (1) un ovo
e n-o medio leva,
Marica de Novo.

32. Señora María, recolla o seu galo
qu'as miñas galiñas—escusan criado;
señora María, recolla o seu pito
qu'anda pol-a calle feito un señorito. (2)

33. Tanto corréu Pericón tras min,
tanto correu que ll'e prometín:
eu, Periquiño, heich'e de dar,
pero tamén che ha de amargar. (3)

34. Tendo salú—e comendo ben
o traballiño—non mata á ninguén.

(1) *Vai indo:* vayendo.
(2) Casi igual á otro ya copiado.
(3) Casi igual á otro ya copiado.

35. Ti fiadeira—y él un *nugalla* (holgazán)
n'ha d'haber festa—que se vos vaya.

36. Tin-ti-ni-nin—dixeron os frades,
tin-ti-ni-nin—càl sòdes soades;
tin-ti-ni-nin—as chaves qu'o oíron,
tin-ti-ni-nin—d'oílo se riron.

37. Tíñach'un burro meu tío Crispín
que cada día saléu máis ruín.

38. —Ti qué fàs,—férbell'as berzas,
ti qué fàs—férbell'as fabas.
—Eu remendo—os meus calzós
compoño as—miñas polainas.

39. Ti que m'o deche—ti, carantoña.
ti que m'o deche—non tès vergoña.

40. Tóca, gaiteiro
e fáim'así:
—¿Tèn tua nai
perillós para tí?

41. Touporroutóu por onde vai a noiva,
touporroutóu po-l-a corredoira,
touporroutóu que vai á buscar,
touporroutóu un ferrado de sal.

42. Tamparrantán y as uvas verdes,
tamparrantán que verdes están;
tamparrantán que-si-están-verdes
tamparrantán xa madurarán.

43. ¡Trís! ¡trás!
a estopa
urdirás
co'o pè
para diante
c'o cu
para atrás. (1)

44. Un tal Manoel—e un tal Grabiel
andaban âs *troitas* (2)—en gran *almucel.* (3)

(1) Notable por la onomatopeya parecida á la de los números 15 y 36 de esta sección.
(2) Truchas.
(3) Sitio á propósito para pescar las truchas.

45. Veiriña d'o río—choraba Tomasa
que non tiña viño—dentro d'a cabaza.

46. Vin vir a gaita—por cima d'o souto,
pouséi a roca—e bailéi un pouco.

47. Xaniño entr'elas—o amigo d'as nenas,
tanto lles quer—que se morre por elas.

Los números 1, 4, 5, 25, 27 á 29, 34, 35, 42, 43, 46 y 47 fueron obtenidos en el partido judicial de Betanzos. El 2, 3, 8 á 15, 18, 19, 28, 31, 40 y 44 en Cerbo, provincia de Lugo; y el 23, 26 y 30 en Rivadeo, de la misma provincia.

MURMURACIÓN

—

1. Andiveches marmurando
por unha parte e por outra;
mentras non cayo n-o *rego* (arroyuelo)
non che se me molla a roupa. (1)

2. Contra o ceo nunca *cuspas* (escupas)
qu'â cara ch'ha de caer;
que si has decir faltas d'outro
ningunha en ti ha d'haber.

3. Manoela, retirada,
Manoela, retirada,
nin por eso, Manoela,
deixa de ser marmurada.

(1) Semejante al núm. 1, pág. 111 del tomo II. La murmuración, inveterado defecto de los hijos del país, va empezando á corregirse entre las personas cultas; aunque no tanto como lo reclama el porvenir de los varios intereses de Galicia.

4. Marmulá, marmuladores,
marmulá de min e d'outro;
n-o inferno hai unha cama
para descansar un pouco.

5. Marmulá, marmuladores,
marmulá e non de min;
nunca eu fun marmulada
senon de xente ruín.

6. O meu refaixiño novo
lévam'o *rodo* (1) acabado;
as malas lenguas d'o mundo
{ xa lle tèn outro botado.
{ lévanlle outro botado.

7. Onte, mèsmo, po-l-a tarde,
unhas lerchas de veciñas
cortáronm-o meu vestido
e sin tomarm'as medidas.

8. Os señores en visita
póñense moi respaldados,

(1) Ribete para reforzar la parte inferior del refajo.

dicindo mal d'uns e d'outros
e dicindo d'os criados.

9. Para qué me chamas trompa
a que ti n-has de tocar;
s'eres ti unha mala lengua
amigo de marmurar.

10. Por cantar e estar alegre
nunca se perdeu ninguén;
pérdese por marmurar
vidas de xente de ben.

11. Todo-los que me marmulan
miren po-l-a sua casa;
cando n-a miña fumea
n-a d'eles «fuego qu'abrasa». (1)

Los números 1, 3, 4, 6, 9 y 10 fueron obtenidos en el partido judicial de Betanzos.

(1) Casi igual al núm. 3, pág. 3 del tomo II.

NOMBRES DE PERSONAS

—

1. A teu pai chámanll'o *cuco*,
a tua nai a *cucáina*,
á teus hirmáns os *cuquiños*
e á ti a *cucarandaina*.

2. Chamácheme «pouca cousa»
parente de «mala gana»;
e por sobrenome teño
«á min non se me da nada».

3. Domingo é meu amor,
á Domingos hei d'amar;
domingos son días santos,
todol-os penso gardar.

Fueron obtenidos en el partido judicial de Betanzos.

ODIO

—

1. A sardiña remollada
eu no-n-a quixera ser;
tan bò fuches para outras
qu'hoxe non te quero ver.

2. Cara de pan *valorento*, (1)
heiche de virar o *coiro* (pellejo)
co'o d'afora para dentro.

Fueron obtenidos en los distritos de San Pedro de Oza y de Aranga, en el partido judicial de Betanzos.

(1) *Valorento:* lleno de moho ó valor.

OFICIOS

—

1. Os *canteiros* vanse, vanse,
malas novas vayan d'eles;
as garelas de Betanzos
quedan chorando por eles.

2. Quén me dera á min *tèr* (tener)
a pruma d'unha cotorra
pra escribir ô meu amante
que me chamo *cardadora.*

3. Non quero amor *carpinteiro*
porque traballa n-o alto;
pode caer e morrer
e dicir que eu o mato.

4. A frábica é un cuartel,
as *cigarreras* soldados,

as maestras os sargentos,
as cuadrilleiras os cabos.

5. Sonlle, sonlle cigarrera
por si usté o quèr saber;
e estou escollendo *a capa*
para cigarros facer. (1)

6. Eu d'as *costureiras*
teño que contar
que van para misa
por non traballar.

7. Mala morte mate â morte
se ven po-l-as *costureiras*,
que se foron âs amoras
e estragaron-as silveiras.

8. Mala *xesta* barredeira (escoba)
veña po-l-as *costureiras*,
porque comen as amoras
e destroyen as *silveiras*. (2) (zarzales)

(1) Este cantar y el anterior fueron obtenidos en la Coruña. El primero lo oyó cantar también el colector en castellano.
(2) Casi igual al núm. 28, pág. 221 del tomo II.

9. Todal-as *costureiriñas*
son amigas d'a conversa;
o qu'ha de falar con elas
n'ha de levar moita presa.

10. O *ferreiro* foi â misa,
non se soupo persinar;
cando tocaron a Santos
pensou qu'iba de *regar*. (1)

11. Os prados queren *procuro* (cuidados)
os *labrámios* (2) labrador;
propietario sin oficio
non pode ser gran señor.

12. O *Cobelo* (3) foi ô mar
troixo sardiñas n-a gorra
para darllas â muller
qu'estaba n-a corredoira.

(1) Abrir los *regos* ó surcos en las heredades.
(2) Terrenos labrantíos.
(3) Nombre propio ó mote de un individuo de Vivero, en la provincia de Lugo.

13. Teño lancha, teño remos,
teño sardiña n-o mar,
teño a miña muller moza,
non quero máis traballar.

14. Fun ô muíño d'a Telba
e non vin a *muiñeira*;
non teño á quén dar as peras
que levo n-a faltriqueira.

15. Muiñeira de tabaco
móya n-a miña fariña, (muéla)
que son d'a veira d'a raya
non veño aquí cada día.

16. A tua *tasca* (1) rapaza
tench'a sonada n-a Cruña
eu tamén che fun á ela
xente n-había ningunha.

(1) Reunión de mujeres que con la espadilla arrancan las aristas al lino.

17. *Zapatéiro* que me rondas
a porta d'o meu curral,
váite d'ahí, zapateiro
que me què zapatear.

Los números 1, 2, 3, 8, 9 y 10 fueron obtenidos en Abegondo, partido judicial de Betanzos. El 6 en varios puntos de la provincia de la Coruña.

PÉRDIDAS

—

1. O boi y o carro *perdeche;* (perdiste)
¡foiche de tanto beber!
¡mal lle vai â *cabezalla* (1)
s'a *chavella* se perder.

(1) Las piezas de que consta una carreta del país son las que abajo se indican, y su denominación la que respectivamente tienen en San Vicente de Elviña, parroquia próxima á la Coruña, donde las recogió el colector, con un carro á la vista:

Chedeiro.—Toda la mesa de una carreta del país.

Chedas.—Las dos piezas grandes paralelas de dicha mesa, más próximas á las ruedas.

Cousellos.—Dos piezas que van colocadas debajo de cada una de las *chedas.*

Cabezalla.—La pieza grande central que forma el mástil ó lanza.

Chavella.—Palo que sirve para descansar la punta de la *cabezalla* cuando no está uncido el ganado.

Empátias.—Especie de hombreras que tienen las *chedas* cerca de la *cabezalla.*

Milde.—Faja ancha de madera que forma el diámetro de cada una de las dos únicas ruedas.

Lamin.—Llanta.

Rellas.—Hierros en forma de arco, colocados casi al centro de las ruedas.

Chercas.—Cuatro piezas de hierro que corresponden, en posición, por detrás de las *rellas* y en la cara opuesta de las ruedas.

Frenos.—Fajas de hierro para robustecer el *milde* ó pieza diametral de cada rueda. El eje no es fijo, por estar adherido á la rueda, con la cual gira.

Obsérvese que en tan corto número de nombres, cuatro tienen por inicial la *Ch* con sonido castellano, y cuatro terminan con sílabas de inicial *ll.*

2. O atopas, moito sabe;
o perder, non sabe ben;
antes d'açhar acomodo
algunha perd'o que tèn.

3. Pol-a mar abaixo
vai unha navalla;
¡quèn-a perdería
si ela vai cerrada!

Los números 1 y 3 fueron obtenidos en San Vicente de Elviña, parroquia próxima á la Coruña.

PICARESCAS

—

1. Aquela d'o verde, madre,
vai para *Santo Domingo* (de Betanzos)
ela debe de ter dentro
algún frade seu amigo.

2. Á pedir, que m'han de dar;
á pedir, que m'han de dar,
onde me digan que non
alí hei de porfiar.

3, Á media chámanlle punto,
ô zapato punto en blanco,
a muller qu'é de máis d'ún
debe ser mercado franco. (1)

(1) *Mercado franco:* Sin tributos; en la tal idea está fundado el equívoco del cantar.

4. Ahora non é o tempo
o tempo d'as *fuliadas* (1)
para comer co-as rapazas
catro castañas asadas. (2)

5. Adiós, meu quiridiño,
vivo n-a calle d'as Hortas,
o que me quixer buscar
«a miña casa tèn portas.»

6. Cando o *piñeiro* vai alto (pino)
n-o medio ten mil enredos;
o galán de moitas damas
nunca tèn os ollos quedos.

7. Caravel *pranteino* eu, (lo planté)
caravel pranteino eu,
para engañar as nenas
que veñen d'o xubeleo.

8. *Coida* meu pai que me tèn (piensa)
debaixo d'o pè dereito;

(1) Fiestas y romerias.
(2) Casi igual á otro copiado ya.

¡fànll'a cama n'o *sobrado* (habitación alta)
non sabe cándo me deito!

9. Comín castañas asadas
que viñeron de Padrón,
bebín a auga d'o charco,
matoume n-o corazón.

10. Costureiriña bonita,
s'o palacio vas coser,
conta que á medio camiño
hache sobrar que coser.

11. Dáde unha limosna ô cego
qu'inda o cego tèn que dar,
qu'anqu'é cego e non ve
ainda sabe apalpar.

12. Dí ¿qu'é aquelo, muller,
qu'está debaixo d'a cama?
—E o gato d'o convento
que ven ver a gata parda. (1)

(1) Este cantar debe ser fragmento de un diálogo semejante al del núm. 25 de esta sección.

13. Dis que teño moitas conchas
cando non son pelengrino;
eu digo: si fòras outra,
xogara menos contigo.

14. Eres fillo d'o ferreiro
tocarémo-l-o barquín;
eres fillo d'o ferreiro
vénte pra cabo de min.

15. Estando n-a miña cama
unha pulga me picóu;
a picadura d'a pulga
algúns meses me durón.

16. Esta noite e mai-la outra
e mai-la outra pasada
abaléi unha *pereira* (sacudí) (peral)
que nunca foi abalada.

17. Estudiante que estudías
n-o libro d'a mala léi,
si ti sabes picardías
picardías tamén sei.

18. Eu entrar entréi n-o prado
e segar seguéi n-a herba,
e si fixen o derramo
tamén carguéi co-a perda.

19. Gracias á Dios qu'hoxe fomos
â feiriña d'os *novelos;* (novillos)
catro fomos, seis viñemos,
nin ganamos nin perdemos.

20. Heiche de dar un *abalo,* (sacudida)
pereiriña de Don Guindo,
heiche de dar un abalo
que t'hei de deixar durmindo.

21. Herba d'o trebo, meniña,
herba d'o trebo, rapaza,
herba d'o trebo, meniña,
herba d'o trebo che naza.

22. Hoxe aquí, mañán alí,
estoutro día n'a feira,
á min non m'ha de faltar
unha vida pasaxeira. (1)

(1) Casi igual al núm. 39, pág. 168 del tomo I.

23. Indo par'a feira nova,
feira que n-acostumbraba,
iba comprar os *boiños* (bueyecitos)
esquencéuseme a aguillada; (olvidóseme)
volvín por ela â casa:
—Ábreme a porta, muller,
ábreme a porta, malvada.
—Eu as portas non ch'as abro,
que estóu facendo a colada. (1)

24. Indo para Santïago
escurrín n'unha cereixa;
escurripado (2) se vexa
quen n'o camiño a deixa.

25. Madruguéi pol-a mañán cedo,
cediño, de madrugada (tempranito)
collín o carro e os bois (cogí)
e *fume* pr'a miña arada, (fuíme)
e n-o primeiro *reguiño* (arroyuelo)
rompéus'a miña *aguillada*. (aguijón)

(1) Los últimos versos del núm. 25 parecen ser la continuación de este diálogo.
(2) Demacrado y maltrecho.

volvín â casa por ela
e estaba a porta cerrada;
por fora estaba a *coitela* (cuchilla)
por dentro a *carabillada.* (la clavija)
—Abre a porta, Marianiña,
abre a porta, Mariana,
¿de quén é aquel gato *mouro* (negro)
que saltóu po-la ventana?
—É o gato d'o señor cura
que ven ver a nosa gata.
—Moitas terras levo andadas
desde Sevilla á Granada;
nunca vin gato con cuello
ni con corona rapada.

26. Márchate d'ahi, casado,
vái qu'aquí n'ès menester,
vái á reza-l-o rosario
c'os fillos e a muller.

27. Moito miras para min,
seique me quères comprar; (acaso)
as tuas monedas falsas
non chegan pra me pagar.

28. N'aquela cova sin herba
podrece o ben qu'eu amei;
e n-ela d'auga bendita
siquera pinga botéi.

29. Nena qu'estás n'a ventana,
recóllete para drento;
non fagas pecar os homes
n-este sexto mandamento.

30. N'o convento d'Acibeiro
dicía un frade âs galiñas:
«Churras, churras, ô poleiro».

31. Non quero berzas con unto
nin rabizas con aceite;
non quero ter man d'a cabra
e qu'outros mamen o leite.

32. —¿Onde vas, Mingueletiño?
pòn a cabeza direita.
—Vou á ver miña devota
e si a cama me tèn feita.
—Éntra, quentaráste,
cama se fará,

que n-a nosa terra
inda hai caridá.

33. O que ten o crego â porta,
val' lle máis tèr un carballo;
o carballo dalle rama
e o crego dalle traballo.

34. O tempo d' as *esfolladas* (1)
non da porveito á ninguén;
mandéi a muller á clas
e nunca d' esfollar vèn.

35. Para qué quères palomas
se non tès o palomar;
para qué pretendes nenas
si no-n-as podes gozar. (2)

36. Pol-a viña vendimada
calquera pode correr;
dám'un abrazo, rapaza,
nadie ch'o ha de saber.

(1) Quitar la panoja al maíz.
(2) Burla sangrienta relativa á condiciones fisiológicas.

37. Por unha noitiña noite:
algúns meses de pesar,
duas semanas n'a cama
e dous anos de *arrolar*. (mecer)

38. Sementéi millo *meúdo* (1)
n-o colo d'unha rapaza;
téñome d'ir po-l-o mundo
antes de que o millo naza.

39. Si me vedes por aló
o *bandallo* d'o meu home (espantajo)
dicídelle que se veña,
senón n-a casa non dorme.

40. Si viñech'aquí por verme,
queridiño, Dios ch'o pague;
si ti vès por outras cousas,
rompes zapatos en balde.

(1) Se dice *meúdo* y también *miúdo*, por la afinidad que en todos los idiomas existe entre la vocal *e* y la vocal *i*. Otro tanto sucede con las voces *códea* y *códia* (corteza), *miolo* y *meolo* (meollo).

41. Tarde vès e non me espanta
que xa *adoitas* (1) de tardar;
auga de moitos *regueiros* (arroyos)
é mala de *arrecadar*. (2)

42. Teño unha herba n'a horta
que pica como pemento;
para contestar contigo
non che teño intendemento.

43. Teño unha nena engañada
n-a raya de Portugal;
para ovos e manteca
téñolle dado un real. (téngole)

44. Tráime lume n-o regazo,
tráime lume n-o regazo,
de camiño que m'o traes
tamén me das un abrazo. (3)

(1) Tienes por costumbre.
(2) Sujetar ó recoger.
(3) Casi igual á otro que queda copiado.

45. Unha mazán *bermelliña* (encarnadita)
picada d'un *reiseñor*, (1)
quen-a picóu que a roya
que lle levóu o millor.

46. Un mociño d'esta aldea
tèn a camisa *rachada* (rasgada)
de sobir po-l-as paredes
e baixar pol-a ventana.

47. Un rapás d'esta parroquia
tèn as *cirolas* (2) rachadas
que ll'a racharon as *silvas* (zarzas)
á correr tras d'as rapazas.

48. Uns sinten os seus pesares,
outros sinten os *alleos*, (ajenos)
eu sint-os ¡de toda a casta!
qu'a sentilos m'*afixeron*. (acostumbraron)

(1) Se dice en otras partes *rousiñol*.
(2) Calzones de lienzo.

49. Xüana de Don Xuan,
Xüana de Don Xuan:
deixa vir [1] o trigo novo
que con él che pagarán.

Los números 1, 2, 3, 5, 7, 9 á 17, 19, 21, 24, 27, 33, 38, 39, 46 y 47 fueron obtenidos en diferentes puntos del partido judicial de Betanzos. El 34 en Buján, en el partido judicial de Órdenes.

(1) *Deixa vir:* deja venir.

PIROPOS

—

1. A señora ama de casa
tèn a color d'a cereixa;
ela como é boa moza
sin limosna no-n-os deixa.

2. A señora ama de casa
tèn o ramo de placer;
co-o viño n-unha bodega
para nos dar de beber.

3. A señora ama de casa
ten cara de serafín;
cando entra pol-a iglesia
todo-l-os santos lle rin. (1)

(1) *Lle rin:* le ríen ó sonríen.

4. As tuas falas, rapás,
levan algo de veneno,
porque cando ti me falas
eu non sei qué diaño teño.

5. Déixame de castañetas,
de *ferreñas* e de gaitas, (sonajas)
qu'a mellor foliada é
ter a barriguiña farta.

6. Esta casa si qu'é casa,
estas sí que son paredes,
que a muller que está n-ela
¡é muller entr'as mulleres!

7. O soliño (1) cando raya,
n-a tua porta vai dar;
n-é milagro que t'eu busque
cando o sol te vai buscar.

8. Sendo ti tan boa nena
e filla de *buenos padres*

(1) *O soliño:* el sol; aunque aparenta forma de diminutivo, no lo es, sino manera cariñosa y frecuente en el dialecto.

non sei como non frorece
a escoba con que ti barres.

9. Sentadiña n-a ventana
Mariana d'o Ourego,
sentadiña n-a ventana
parece a ama d'un crego.

10. Si esta casa fora miña
como é d'estes señores,
xunt'a porta d'o curral
prantara un xardín de flores. (1)

Los números 9, 10 y 11 fueron obtenidos en el partido judicial de Betanzos. El 12 en Santiago de Compostela.

(1) Casi igual á otro cantar copiado ya.

PREGONES

—

1. Cobre quèn vende—metal, estaño,
caldeiros rotos—potes furados,
estaño, cobre,—galón dourado,
â tua porta—sete soldados.

Obtenido en la Coruña, y en San Juan de Lubre, distrito de Bergondo, partido judicial de Betanzos.

QUEJAS

I. Fun â fonte á beber auga,
nunca tal auga bebera;
déronm 'unha puñalada
n-a miña cofia de seda.

Obtenido en Abegondo, partido judicial de Betanzos, y en Elviña, próximo á la Coruña.

RECONVENCIÓN

—

1. Favores que me fixeche
n-a cara m'os vas botando;
favores non dan amores
libre quedo en ch'os pagando.

2. Non digas qu'â misa fuche
s'as pernas non te lavache;
non digas qu'â misa fuche
si solo n-a ilesia entrache.

3. Non digas que non atopas
unha nena que ch'agrade;
as rapaciñas bonitas
onde están logo se sabe.

4. Olvidál-os meus amores,
olvidálos n-hai razón;

olvidálos, de palabra,
pero non de corazón.

5. Para qué me das o sí,
treidora, estando casada;
quen che coméu a leituga
que che pague a ensalada.

6. Portugués, e rebeludo,
fillo de tan mala lei:
qué che custaba decir
víva, víva o noso rei.

7. Si me tuveras cariño
habíasme vir buscar,
como a auga busca ô *rego* (arroyo)
como o rego busca ô mar.

Los números 1, 3, 4 y 5 fueron obtenidos en el partido judicial de Betanzos.

REFLEXIVOS

—

1. Adiós, adiós, miña amada,
onde n'hai gusto, meniña,
onde n'hai gusto n'hai nada.

2. (1) Afirma todo o que dices,
sábe ben o que dixeche;
si non sábel-o camiño
vólve por donde viñeche.

3. —O camiño ben-o sei,
que o vexo dend'aquí,
pero quixera levar
Rosiña de par de min.

(1) Este cantar y el siguiente deben formar parte de algún diálogo semejante á los que en su correspondiente sección aparecen en la presente obra; se ponen aquí en vista de la forma reflexiva de la primera parte y de que no completan diálogo ó *enchoyada*.

4. Anque tocan as campanas
non tocan po-los que morren;
tocan po-los que están vivos
para que d'eles s'acorden.

5. Antoniño, meu Antón,
falar e rir está ben,
poñerm' a man eso non.

5. A pasar o regueiriño
dixeche que sí, que sí;
ahora que o pasache:
«¡malos diaños para tí!»

7. Felice-l-os que se *deitan* (acuestan)
sin ansias en qué pensar;
érguense porque despertan
sabendo qu'han de almorzar.

8. Fixen unha saya nova
e cèn varas lle botéi;
dime ti, meu queridiño,
¿qué camiño levaréi?

9. Gobérna ti, gobérne él,
todos queren gobernar;
ou ser alcalde ten mèl
ou no-n-o sei espricar.

10. Home larchán no-no quero,
a miña m'ha de valer;
Dios me quèr para solteira,
¡qué ll'habemos de facer!

11. Miña comadre Pelonia,
veño á que me preste un pan;
meu compadre escarabello
¿lógo qué fixo no vràn?

12. Miña nai *botoume* fora (echóme)
e volveume á recoller;
vénte, miña filla, vénte,
que non ès para perder.

13. Non digas que vai dereito
o clavo que torto entróu;
non digas qu'é carpinteiro
quen nunca táboa labróu.

14. Non hai que *cuspir* ô ccyo (escupir)
que che caerá n-a cara;
o qu'ha decir mal d'outro
consigo n'ha de ter nada.

15. Non quèro casa caída
nin parada derrubada,
nin casamento sin gusto
nin levar vida penada.

16. Non quero nada d'o dado,
qu'o dado algo requere;
quereréi d'o emprestado,
volveréi cando poidere.

17. Ña madre (1) léváim'â vila
que din qu'hai moito que ver;
ña filliña non te levo
que te me podes perder.

18. O casado casa quèr,
ô solteiro non ll'a dan;

(1) *Ña madre*, por: miña madre.

a filla d'un labrador
sabe traballal-o pan.

19. Olvidácheme, olvideite,
amor meu, estamos pagos;
ahora xa imos indo
n-o libro d'os olvidados.

20. Olvidácheme por probe,
eu por rico te deixéi;
val máis un probe con honra
que un rico de mala lei.

21. Os fillos d'a filla
van para riba;
os fillos d'a nora
van para fora.

22. Os prados queren procuro,
labrantíos labrador:
propietario sin diñeiro
n-a sua vida é señor.

23. Oye un cantar
que moito namora:
os fillos d'a filla
van para arriba;
os fillos d'a nora
van para fora. (1)

24. Para subir, unha mula,
para baixar, un cabalo;
e as burriñas de Caldas
para andar por terra llana.

25. Páxaro que vas volando,
a pruma che vai caendo;
quen contigo come e bebe
por detrás t'está vendendo.

26. Probe d'o triste que morre
s'ô reino de Dios non vai;
os que quedan logo comen,
y-o pesar logo se vai. (2)

(1) Casi igual al núm. 21.
(2) Casi igual á otro ya copiado.

27. Quen tèn amores non dorme,
eu tamén así facía;
agora que no-n-os teño
dormo de noite e de día.

28. Tan finiño éo ouro,
que se pesa n-a balanza;
¡cántas meniñas se perden
po-l-a moita confianza!

29. Teño carta n-o correo,
non sei qué me traerá,
si me traerá consolo
ou me desconsolará.

30. Teño un amor que me cela,
outro que me dá cariños;
outro que me desengaña,
eses son os meus amigos.

31. Teño un amor que me cela,
outro que me dá diñeiro,
outro que me desengaña,
¡éste é o máis verdadeiro!

32. Todas las *frutas* (1) se comen
menos o verde limón;
meniña que é *parrandeira* (parrandista)
sale d'unha e d'outra non.

33. Uns senten os seus pesares,
outros senten os alleos;
eu sint 'os de toda casta
qu'a sentilos m'afixeron.

34. Voume por aquí abaixo
trocar un can por un galgo;
a sangre toda é negriña
quen ten diñeiro é fidalgo.

Los números 1, 2, 3, 6, 10, 11, 13, 15, 17, 18, 23, 25, 26, 28, 31 y 34 fueron obtenidos en el partido judicial de Betanzos. El 21 en la Coruña. El 29 en Puentedeume, partido judicial de la Coruña.

(1) En lugar de frutas se acostumbra decir *froitas*.

RELIGIOSOS

—

1. Debaixo d'o palio vai,
debaixo d'o palio iba,
debaixo d'o palio vai
o Señor d'a nosa *vida*.

2. Padre nuestriñó pequeno
po-l-o ceo vai fuxindo,
encontréi unha señora
levaba un ramalletiño.
Eu pidinll'unha poliña,
ela no m'ha quixo dar,
eu pidinll'a outra vez,
ela doum'o seu cordón:
San Silvestre, San Simón,
bendízame este cordón,
que m'o deu Nosa Señora
pol-a Virxen d'a Pasión.

3. Padre nuestro pequeniño,
enséñam'o teu camiño,
camiño d'a salvación;
alá fun, alá cheguéi,
tres Marías encontréi
preguntando por Jesús;
Jesús estaba n-a cruz
c'os peíños á sangrar
chamando por *Madalena* (1)
que ll'os viñese á limpar.
Ténte, ténte, Madalena,
non me veñas lastimar,
qu'éstas son as cinco llagas
que por ti hei de pasar.

4. Padre nuestro pequeniño,
lévame por bò camiño;
aló fun, aló cheguéi,
tres Marías encontréi
preguntando por Xesús;
Xesús estaba n-a cruz
c'os peíños á sangrar.

(1) En gallego es muy común decir *Madanela* por Magdalena.

¡Ténte, ténte, Madanela,
nón m'os veñas lastimar!

Obtenidos en la Coruña, Santiago y Abegondo, del partido judicial de Betanzos.

RONDADORES

1. Arriba, meu pau d'a tuna,
arriba, meu pau tuneiro,
arriba, meu pau d'a tuna,
arriba, meu compañeiro.

2. A tua porta hai lama,
que a hai eu ben ch'o séi;
por meu gusto regalado
por ela pasearéi.

3. Esta calle á pasean
un galán con doce damas:
tres Maricas, tres Antonas,
tres Anas, tres Xulianas. (1)

(1) Este cantar es semejante al núm. 2, pág. 213 del tomo II.

4. Fuliada d'esta noite
mañán ha de ser sonada;
qu'ela sea ou que non sea
sempre será fuliada.

5. Fun ô muíño esta noite,
deixéi a bisarma fora;
con licencia d'a máis vella
estaréime co'a máis nova.

6. Qué noite de luar fai,
mesmo parés que da gana
en lugar d'ir par'o leito
de correr unha parranda.

7. Tráime lume, qu'estóu fora,
e quería estar contigo...
cousiña de media hora.

Los números 1, 2 y 6 fueron obtenidos en el partido judicial de Betanzos.

ROMANCES

—

I

Xeneroso capitán
o que ven á esta guerra
pra quintar os soldados
e leváno-los d'a terra.
Cento lévaos quintados,
trinta voluntarios foron.
¡D'os quintados
un moi triste vai â guerra!
—¿Por qué vas triste, soldado,
por qué te vas triste á ela?
—Eu non vou por pai nin nai
nin cormanciños (1) que teña;
vou por medo que me morra
a miña dama e doncella.

(1) *Cormanciños:* primitos.

—Sete anos te dou ausolto,
que te volvas pr'onda ela;
o cabo d'os sete anos
de que te botes â guerra.
. . . . . .
—Volta, meu cabalo, volta,
volta antes que morra ela. (1)

II

Chegando (2) á ver a capilla
de Rodomi...
o cabalo se m'espanta;
eu tamén m'espuliñéi,
oín a voz que decía:
«non teñas, non teñas medo,
non me teñas medo á min
que son a dama e doncella
qu'algún tempo te servín.»
—Se ès a dama e doncella
qu'algún tempo me serviches,

(1) Debe el colector los romances números 1 y 2 á la amistad del malogrado escritor D. Juan Antonio Saco.
(2) *Chégando:* llegando.

¿por qué non fálasm'á min?
Si algún tempo me serviches
¿por qué non bícasm'á (1) min?
—Os labios que te bicaban
n-a terra xa os metín.
Abur, caballero, abur,
non podo estar máis aquí
porque os infernos están
agardando xa por min.
—Se t'agardan os infernos
venderéi o meu cabalo
e teréi misas por ti.
—Non vendas o teu cabalo,
non teñas misas por min;
cantas máis misas me teñas
máis penas son para min.
—Se por ti agarda o inferno
venderéi as miñas rentas
e teréi misas por ti.
—Non vendas as tuas rentas
nin teñas misas por min,
cantas máis misas me teñas
máis tormentos son pra min.

(1) *Bícasme:* bésasme.

O día d'a miña morte
mal día che foi pra min,
por olvidarme de Dios
e por membrarme de tí.
Se te casas, meu soldado,
cásate en Valladolí;
â primer filla que teñas
poñeráslle com'á min
pra que cand'a chames sepas
acordarte ti de min.

2. Estando o señor don gato
en silla d'ouro sentado
poñendo medias de seda
y o seu zapato picado,
mandáronlle cartas novas
se quería ser casado
c'unha gatiña morena
c'unha pintiña n-o rabo.
O gato co'alegría
rubíuse logo á un tellado
pro unha doull'un couce
e caín o gato embaixo
partindo catro costelas
e á metade d'o espiñazo.

Mandóu logo chamar curas
pra dar conta d'o roubado:
«sete varas de chourizo,
outro tanto d'adubado,
unha *xerriña* d'aceite (jarrita)
pra facer millor guisado.»

3. Indo doña Silvela (1)
por un corredor arriba
tocando n-unha vigücla
n-a calle d'a Figuría
ergueuse seu pai da cama
co o estrondo que facía:
—¿Qué téndes, doña Silvela,
qué téndes a vida miña?
—O Rei tiña ¡ai! tres fillas
casadiñas con familia,
eu por ser a máis bonita
aquí me hallo rendida.
¿Qué che faréi, miña filla,
se pra tí n-hai compañía.
—Esté calado, meu pai,
qu'eu remedio lle pondría:

(1) Tomado de la monografía acerca de la *Poesía popular gallega* de Milá y Fontanals.

cháme ô conde d'Algalia,
casadiño con familia,
que matara y-a condesa
por casar co'a sua filla.
E manda chamar o conde
d'a sua parte e da filla.
—Chámache o Rei de palacio;
non séi qué che quererría.
—¿Qué manda a sua maxestá?
¿qué manda a mha señoría?
—Que matases a condesa
por casar con miña filla.
—¿Por qué a hei de matar, ¡triste!
s'eu motivo ningún tiña?
—Presentarásm'a cabeza
n-esta dourada vacía;
e se non m'a presentaras
arrebataréiche a vida.
Tornou o conde d'Algalia
máis triste que d'alegría (?)
cerróu portas e ventanas,
cousa que nunca facía,
e mandóu cubri-la mesa
figurando que comía,
as bágoas que de él caían
por tod'a mesa corrían.

Baixouse doña condesa
á preguntarle qué tiña:
—¿Qué ten o conde d'Algalia;
por qué chora, miña almiña?
—Mandoume o Rey de palacio
que che vos quitar'a vida,
e que si non ch'a quitaba
qu' él me quitaría a miña;
quérem'o Rey de palacio
pra casar con sua filla;
presentaréill'a cabeza
n-esa maldita vacía.
—Non chore o conde d' Algalia
qu'eu remedio lle pondría:
mánde vir un ciruxano
que m'abra unha sangría,
que pouquiniño á pouco
váisem'acabando a vida.
Déixame dar unha volta
d'esta sala pra cociña
despedirme d'os criados
con que m'eu adivertía;
déixame tamén pasear
toda esta miña casiña.
Dádeme o fillo máis vello
que o quero peitear

traèm'esoutro máis novo
e dareille de mamar.
Máma, máma, meu meniño,
d'este leite d'amargura,
porque mañán d'estas horas
verásme n-a sepultura.
Estando o neno mamando
xa comenzóu de falar;
toda a xente po-la calle
xa s'empez'á alborotar,
toca a campana en palacio,
non sei qu'alí habería,
que morréu doña Silvela
d'unha morte repentina.
Morreu a filla d'o rey
po-la soberbia que tiña.
¡Descasar á ben casados,
cousa que Dios non quería!

4. (1) ¡Quén me dera estar agora
no palacio de meu pai
descansando estas delores
nos brazos de miña nai!»

(1) Fragmentos de un romance de ignorado origen.

A sogra que tal oía
Dend'a sala donde está:
—¿Tí, qué é o que tés, Albuela,
que non fas senon chorar?
—S'estivera en cas meu padre
eu me soupera queixar.
—Pilla xa, Albuela, pilla,
pilla logo á camiñar,
pois en casa de teu padre
moi bén podías estar.
—Don Berso é cazador,
no monte vai á cazar,
cando Don Berso viñer
¿quén lle porá de xantar?
—Don Berso era meu fillo,
ben o saberéi amar,
cando Don Berso viñer
eu lle porei de xantar;
d'o que da caza trouguere
teño de te regalar.—
Cando Don Berso chegóu
comenzóu á perguntar:
—Madre, ¿ónde vai Albuela
que me non pón de xantar?
Xuramento fago á Dios
no-n-o hei de crebantar

de non comer nin beber
hastra esa esposa buscar.
Cacheéi ríos e fontes,
no-n-a puiden encontrar,
por eso ¡á càs de seu padre
que alí había de estar!»
Indo por aquel camiño
un paxe vén á chegar,
saludouno así decindo,
aquí o vén á saludar:
—Dios me lo garde, Don Berso,
Dios me lo queira gardar:
aquí o veño buscando.
Novas lle quería dar
de pracer e d'alegría,
de pracer, non de pesar.
Don Berso, vos dou albízaras,
albízaras vos veño á dar.
—¿De qué son esas albízaras,
de quén m'as queredes dar?
—Que a infantiña nena
trouxo un neno muy galán,
sua esposa está na cama
co'o neno de par-a-par.
—¡Malas nacidas te maten!
¡a madre non coma pan!

¡o neno non mame leite!...
—Antes que bocado coma
m'as tén ela de pagar.»
Pica o cabalo Don Berso
e á Albuela vai buscar.
—Éntra pra dentro, Don Berso,
éntra si quères entrar;
¡muller parida d'unha hora
cómo se ha de levantar!
—Levántat'ahí, Albuela,
se te quères levantar,
que si outra vez ch'o digo
ha de ser co meu puñal.»
Os padres que tal oíron
se puxeron á chorar.
—¿A onde me leval-a filla,
a onde m'a querès levar?
porque se m'a filla matas
conta d'ela m'has de dar.
—Cálense, meus padres, cálense,
non se deixen lastimar,
que a muller á seu esposo
naide ll'a pode privar:
sempre ll'oín decir,
sempre ll'oín cantar.
Apacíguate, Don Bersos,

si te qués apaciguar,
¡muller d'unha hora parida
mal podía camiñar!
—Baixa para baixo, perra,
baixa si te qués baixar.
que se arriba che subo
a vida che ha de custar.
—Présteme, mi padre, présteme
cabalo pra camiñar;
a muller á seu marido
naide ll'a pode privar.
—Non ch'o hei d'emprestar, nena,
que ch'o teño de dar.»
As doncelas que a visten
non paraban de chorar,
o que aparella o cabalo
non deixa de suspirar.
Unha lle trae o xustillo,
outra lle trae o zagal.
—¿A ónde me levas, traidor,
á ónde me quèrés levar?
—¡Se che no camiño morre,
conta d'ela m'has de dar!
—Adiós, padres e hirmaos,
adiós campo d'o Villar,
para tod'a miña vida

xa vos teño d'olvidar.»
Logo a pón d'á cabalo
e presto se pón á andar.
e n-o medio do camiño
volveu a cabeza atrás.
—¿Míra-l-o pazo paterno,
ou miras algún galán?»
Camiñando máis arriba
o neno empeza á chorar.
—Dall'o peito ó neno, Albuela,
que son horas de ll'o dar.
—¿Cómo ll'hei de dar o peito?
¿cómo o peito ll'hei de dar?
Toma ese neno, Don Berso,
que me quero desmayar...
¡Vállame Nosa Señora!
¡Dios me queira consolar!
búscame crego, Don Berso,
que me quero confesar.
—Adïante, esposa miña,
adiante crego hai.
—Por Dios che pido, Don Berso,
que me deixes confesar.
—Cando chegues á ermida
alí te confesarán.
—Xa que de min non te fías

volve os teus ollos atrás.»
Caíu n-o chan, o momento,
e o marido así á exclamar:
—¡Vállame a Virgen pura!
¡Dios me queira consolar!
¡a muller morta n-o suelo
e o neno por bautizar!»
Vólvello o alento â esposa
e principia así á falar:
—Báixate abaixo, Don Berso,
báixa logo á aquel lugar,
pois alí hai lugar santo
dond'o meu corpo enterrar,
tamén pìa de bautismo
par'o neno bautizar,
como tamén sacerdote
para m'adeministrar.
Che pido qu'á ese inocente
non ll'o leves á tua nai,
á tua madre non llo leves
porque ch'o ha de matar;
levarálo á madre miña
qu'esa ch'o ha de criar.
Lévame á aquela capilla,
se ti me quéres levar,
de San Xoan Retornado

qu'alí non han de faltar
sean curas, sean fraires
para m'á min confesar.»
Antes de chegar á ermida
Albuela morta iba xa.
—Xuramento teño feito,
no-no hei de querbantar,
de non comer nin beber
hastra miña nai matar.
¡Desfertunado de mín
qué camiño hei de levar!
—Por Dïos che pido, Albuela,
que me queiras perdonar.
—Perdóne-che Dios do Ceo,
qu'Él te pode perdonar...
—¿De quén é aquel enterro
de tanta gente á chorar?
—O enterro é de Don Berso
que se morréu de pesar:
por consellos de sua madre
à sua esposa foi matar.

RUADA [1]

—

1. Vamos, e ruando á éito;
pois que levamos a *sona* (fama)
levarémol-o porveito.

Fué obtenido en San Tirso de Ambroa, Ayuntamiento de Irijoa, partido judicial de Betanzos.

(1) Queda dicho en el tomo II que el nombre de *ruada-rua*, ó *foliada* se aplica á la diversión propia de los aldeanos de uno y otro sexo que se reunen para bailar en la casa de alguno de ellos ó en el campo. En dicho tomo figuran varios tercetos de *ruada*, que parecen reminiscencias del ternario céltico.

SALUTACIÓN

—

1. Esta casa caleada
por de dentro e por de fora,
moitos anos n-ela viva
o señor que n-ela mora.

2. Esta casa caleada
qu'é por dentro de papel,
víva o señor qu'está n-ela
e máis a sua muller.

3. Esta casa é de vidro,
as paredes de cristal;
a xente que vive n-ela
eche de sangre real.

4. Vívan os de esta aldea,
vívan os d'este lugar,
vívan os d'esta aldea
casados e por casar.

Fueron obtenidos en Aranga, del partido judicial de Betanzos.

SANTOS, SANTUARIOS Y ROMERÍAS

—

1. Sempre m'andas perguntando
de qué romaría veño;
veño de *Santa Isabel*
d'o convento de *Monfero.* (1)

2. Verdadeira *Cruz de Aranga* (2)
stá n-o seu camarín posta;
stá mirando ôs seus romeiros
cómo lle suben a costa.

3. Señor *San Amaro d'Oira,* (3)
feito de pau d'*ameneiro,* (aliso)
hirmán d'as miñas *chanquiñas* (zuecos)
criado n-o meu lameiro.

(1) En el partido judicial de Puentedeume.
(2) En el partido judicial de Betanzos.
(3) Alude á la imagen tallada en madera.

4. —¿Qué quères á San Antonio
que tanto chamas por él?
—San Antonio está n-o Ceo
¡quén me dera cabo d'él!

5. Fun ô santo *San Andrés* (1)
fun alá e hei de volver;
quedóum 'a miña mantilla
n-o seu altar por coller.

6. Fùn o santo San Andrés,
fùn co'a miña empanada;
anqu'o santo é milagroso
é amigo d'a fuliada.

7. Tres días hai que non como,
tres días hai que non durmo
para ir á San Andrés
qu'está n-o *cabo d'o mundo.* (2)

(1) *San Andrés de Teijido*, santuario próximo al cabo Ortegal, y muy visitado por romeros de una gran parte de Galicia.
(2) Con frecuencia se oye decir *cabo d'o mundo* refiriéndose al cabo *Ortegal* y aun al de *Finisterre*, sin duda por la avanzada posición de ambos en el Atlántico.

8. Fùn á San Cibrán de lonxe
e vín pol-o de pretiño; (y vine)
fùn descalzo á pan e augua
vin calzado á pan e viño.

9. Santa María de Óis
alabada sea ela,
qu'ela é miña madriña
y-eu son afillada d'ela.

10. Santiago de Galicia,
espello de Portugal,
axudádem'á vencer
esta batalla real. (1)

11. N'a nosa aldea de *Lubre* (2)
téñoch'á quen quero ben,
a patrona *Santa Eulalia*
e a Madre de Dios tamén.

12. *Santa Margarida* (3) tèn
unha fonte con dous canos,

(1) Parece histórico.
(2) Próximo á Ares, partido judicial de Betanzos.
(3) Santa Margarita de Montemayor, partido judicial de Carballo.

con unha augüiña que lava
todo-l-os males extranos.

13. *Nosa Señora de Abades* (1)
¿qué ha de dar os seus romeiros?
augüiña d'a sua fonte
sombra d'os seus castiñeiros.

14. *Nosa Señora de Celas*, (2)
e tamén señor *San Roque*,
han de ser os meus padriños
â hora d'a miña morte.

15. *Nuestra Señora d'a Guía* (3)
é a guía d'os mariñeiros,
guíeme a miña cadrilla
qu'ela é de mozos solteiros.

16. *Nostra Señora d'o Monte*
é madriña d'o meu Pepe;

(1) Virgen de los Desamparados, patrona de dicha parroquia, Ayuntamiento de Silleda, partido judicial de Lalín, provincia de Pontevedra.
(2) Ayuntamiento de Culleredo, partido judicial de la Coruña.
(3) Santuario próximo á Vigo.

tamén eu son afillada
d'o Santo Cristo d'Ourense.

17. Sempre m'andas preguntando
de qué romaría veño;
veño d'o *Santo San Payo*, (26 Junio)
vou par'o *Santo San Pedro.* (1) (29 Junio)

18. Miña *Virxe d'Aguas Santas* (2)
tèn as *culleras* n-a fonte (cucharas)
para beber os romeiros
que *vèn cansados* (3) d'o monte.

19. Miña *Virxe d'o Corpiño* (4)
este ano aló non vou,
que po-l-a falta d'os cartos
moita xente se quedóu.

20. Miña *Virxe d'os Milagros* (5)
d'os Milagros de Cayón,

(1) Se canta en són de mofa á los que andan de romería en romería.
(2) Ayuntamiento de Cotovad, provincia de Pontevedra.
(3) Falta de concordancia muy común.
(4) Ayuntamiento de Silleda, partido judicial de Lalín, provincia de Pontevedra.
(5) En el Ayuntamiento de Laracha, partido judicial de Carballo.

miña Virxe d'os Milagros
lévoa n-o corazón.

21. A *Virxe de Pastoriza* (1)
be-n-a vin po-l-a *vidréira;* (2)
algo *moreniña* (3) queda
por causa d'o sol qu'a queima.

22. A *Virxe de Pastoriza*
queda sentada n-a porta
para ver os seus romeiros
cómo lle soben a costa.

(1) Santuario próximo á la Coruña.
(2) La vidriera del camarín en el citado santuario.
(3) Lo es dicha imagen.

SUCIOS

---

1. As nenas de esta aldea
campan e poden campar;
dendes d'a *veira* d'a cama (vera ú orilla)
mexan n-a pedra d'o *lar*. (hogar)

2. Chamóu tua nai por ti
d'o pasadoiro d'a horta,
que vayas comer as papas
qu'están n-o cesto d'a *bosta*. (1)

3. Díxoll'o piollo â pulga
si me matan á uñate,
quiridiña, n-hay escape;
si é á retortixón
ou escaparéi, ou non.

(1) Excremento de buey.

4. Esa que dixech'ahora,
cal a dixeras, cal non;
énchoch' a boca de m... (llénote)
tápocha c'un c...

5. Esa que dixeche ahora
non ch'a póiden entender;
énchoch'a boca de m...
tápocha con alcacer.

6. Héiche, hei, de botar unha
por riba d'un pau de ferro
que ch'hei de facer barrer
canta m... hai n-o inferno.

7. Pol-a tua saya, nena,
estóuche vendo ir un piollo;
déixa que lle tire un tiro,
déixa que lle quite un ollo.

8. Queda tua nai berrando
n-o pasadoiro d'a *Cerva*, (1)

(1) Parroquia de Cesuras, partido judicial de Betanzos.

que vayas comer as papas.
qu'están n-o cesto da m...

9. Teño unha galiña choca,
Dios lle me dea salude;
vou buscar ô ceruxano
á ver si ainda ll'acude. (1)

10. Xuana d'o rego d'agua
tèn o andar de *escarabello*, (escarabajo)
o mexar como unha vaca
e o c... como un becerro.

Los números 8 á 10 fueron obtenidos en Cines, partido judicial de Betanzos.

(1) En gallego se dice *acode* y no *acude*.

SUPERSTICIOSOS

---

1. Verruguiñas trayo,
verruguiñas teño;
déixoas quedar (1)
e voume correndo.

2. *Donosiña* (comadreja)
bonitiña,
garridiña,
váite para a tua casiña
qu'é casiña
bonitiña,
déixa a miña
qu'é feíña. (2)

(1) Arroja, el que desea curar la verruga, un saquillo con sal al tiempo de pronunciar el tercer verso, y huye después de haber, arriba y abajo, paseado un callejón.
(2) Preocupación acerca del modo de ahuyentar las comadrejas.

3. Donosiña, donosiña,
váite para tua casiña,
que che hei de dar
pan e sardiña.

4. San Silvestre e Santa Comba:
si eres meiga sálto'a fora. (1)

El número 1 fué obtenido en la Coruña. El 2 en Elviña, próximo á la Coruña. El 3 y 4 en Ares, partido judicial de Puentedeume.

(1) Fórmula empleada para quitar las brujas del cuerpo.

TRABALENGUAS

—

1. As gadellas [1] se m'engadellaron,
engadelladas non deben d'estar;
des*en*gadelládemas, des*en*gadelládemas,
s'as podedes desengadellar.

2. Corchete qu'estás n-a corcheta,
¿desencorchetácheste xa?
o que te desencorchete
bò desencorchetador será.

3. Elas eran once damas
todas amigas d'o xuez;

(1) *Gadellas* ó *guedellas:* guedejas.
En el tercer verso se permitió el colector intercalar dos *en*, suprimidos cuando le refirió, en 1851, este trabalengua un sentencioso campesino y agrimensor, del cual no recuerda el nombre, vecino del lugar de Castramonde, parroquia de San Julián de Piñeiro, partido judicial de Lalín.

pegóu o tángano-mángano n-elas
non quedaron senón dez.
D'aquelas dez que quedaron
foron á xogar o probe,
pegóu o tángano-mángano n-elas
non quedaron senon nove.
D'estas nove que quedaron
deron en comer *biscoito;* (bizcocho)
pegóu o tángano-mángano n-elas
non quedaron senón oito.
D'estas oito que quedaron
deron en ir á San Vecente,
pegóu o tángano-mángano n-elas
non quedaron senón sete.
D'estas sete que quedaron
deron en cantar os Reis,
pegóu o tángano-mángano n-elas
non quedaron senón seis.
D'aquelas seis que quedaron
deron en beber viño tinto,
pegóu o tángano-mángano n-elas
non quedaron senón cinco.
D'estas cinco que quedaron
deron en comer n-un prato,
pegóu o tángano-mángano n-elas
non quedaron senón catro.

D'estas catro que quedaron
deron en ir á San Andrés,
pegóu o tángano-mángano n-elas
non quedaron senón tres.
D'aquelas tres que quedaron
deron en comer n-as uvas,
pegóu o tángano-mángano n-elas
non quedaron senón duas.
D'estas duas que quedaron
deron en andar â tuna,
pegóu o tángano-mángano n-elas
e non quedóu senón unha.

El número 2 fué obtenido en Santiago del Burgo, partido judicial de la Coruña. El 3 se lo proporcionó al colector el Sr. D. Juan A. Saco, y es en rigor un juego de niños propio para ejercitar la memoria.

TRAJES

—

1. As polainas non son tuas
e o calzón é emprestado;
mándach'o dono d'a gorra
que lle remitas o sayo.

2. Ben te vin, ven te miréi
co-a *albiña colorada;* (1)
ben te vin, ben te miréi,
non che puden ver a cara.

3. Mi madre visteu de *lellas,* (2)
as lellas n'as podo ver;
de *Tarazona* ou *Segovia* (3)
o meu mantelo ha de ser.

(1) A la hora del alba.
(2) Mandiles de *picote* ó género muy áspero.
(3) Tejidos de lana de dichas procedencias.

4. Miña cuñadiña nova,
meu hirmán qué ch'ha de dar;
manteliño (1) de Segovia
{con trenzas de verde mar.
{con cintas de namorar.

5. N'a miña terra
meu haber me honra;
n-a terra de fora
a róupa m'abona. (2)

6. Non teño cofia que pòña
nin camisa que vestir;
a culpa é d'os meus ollos
que non fan sinón dormir. (3)

7. Ña madre (4) como son sola
non sabe xa qué me faga;
mercoum'unha boa cofia
para poñerme de gala.

(1) Especie de delantal de paño que cubre casi toda la saya ó refajo.
(2) Importancia del buen traje en tierra extraña.
(3) Casi igual al núm. 35, pág. 100 del tomo II.
(4) *Ña madre:* miña madre.

8. O creguiño de Laracha
non tèn capa nin capelo;
moito viva ó de Carballo
que o tèn de terciopelo.

9. Roupiña de *dicotío* (diario)
escraviña e remendada, (muy esclava)
quérote máis, miña roupa,
qu'a millor prenda de garda.

10. Teño sete calzoncillos
que m'os deron sete *tolas*, (locas)
elas son miñas amigas,
eu amigo d'elas todas.

11. Teño unha cofía de seda
que me costóu cèn reás;
as malas lenguas d'o mundo
din que m'a dou un rapás.

Los números 3, 4, 9 y 10 fueron obtenidos en el partido judicial de Betanzos. El 8 en Carballo.

TRISTEZA

—

1. Á chorar molléi un lenzo,
á chorar molléi un lenzo
desde o *Cruceiro d'o Gayo*
ô *Campo de San Lorenzo.* (1)

2. Cando oyas tocar á morto
non perguntes quén morréu;
¡poida dar, niña miniña,
poida dar que sea eu! (2)

3. Canta o cuco, canta o merlo,
cantan todo-l-os paxáros,
eu tamén onte cantéi
hoxe choro os meus traballos.

(1) Arrabales de Santiago de Compostela.
(2) Semejante á otro castellano.

4. *Coidarán* que porque canto (pensarán)
en min alegría hai;
pra min a alegría foise
e choro meu ¡ai! ¡ai! ¡ai!

5. Cómo queres que navegue
un navío po-l-a calma;
¡cómo qués que resucite
un corpo que non tèn alma! (1)

6. Chora meu pai que se mata;
que non tèn si non á mìn:
cále, meu padre d'alma,
que para morrer nacín.

7. Dicen que quitas, que quitas,
dicen que quitas pesares;
pero eu dígoche qu'aumentas
d'o meu corazón os males.

8. Escoitando cal ruxía
auguiña de certa fonte

(1) Casi igual á otro castellano.

deixéi n-ela moitas *bágoas* (lágrimas)
pensando n-a triste sorte.

9. Miña nai, cando m'eu morra,
se morrere en Pontevedra,
medrarán rosas n-a cova.

10. Ña madriña, si me morro
non m'enterren en sagrado,
entérrenme en campo verde
onde á pacer vai o gado;
¡hánme de matar amores
qu'é un mal desesperado!

11. Oín cantar e choréi,
oín cantar e choréi;
¡válgame Dios, cómo cantan
amores qu'eu olvidéi!

12. Paséi pol-a tua porta,
non che vin palla n-a eira
nin che coidéi, rapaciña,
que tiñas tanta *lacéira*. (escasez, miseria)

13. ¿Qué teño? todos m'o dicen
que din en entristecer;
eu digo: «non teño nada,»
¡pro algo quixera tèr!

14. Roupa d'a miña baranda,
roupiña d'a miña boda,
¿quén t'ha d'usar, miña roupa?
¡hoxe a de loito m'abonda! (1)

15. Sementéi, miña *nabiña* (2)
n-a terra non fermentóu;
¡qu'hei de facer de min triste
s'-a nova se m'acabóu! (3)

16. Séntate n-esta pedriña,
eu sentaréime n-estoutra,
e axudarásm'á chorar
a miña fertuna pouca.

(1) *Hoxe a de loito m'abonda:* hoy la de luto me basta.
(2) Semilla de nabos.
(3) La semilla del año anterior no sirve, por añeja.

17. Se *soubera* (1) que ti viñas
como de certo viñeche,
mandara lavar a rua
c'un ramiño d'*alcipreste.* (ciprés)

18. Suidades danm'os campos,
as viñas xa vindimadas
e os paxariños cantando
n-as tardes e madrugadas.

19. Teño un pesar como un puño,
un puño como un pesar,
teño un pesar como un puño
¡inda ch'o hei de contar!

20. Tiven un fillo e morreume
n-a guerra como soldado;
bágoas que por él botéi
sábeo *Diosiño* (2) adorado!

(1) Se dice también *soupera.*
(2) *Diosecito* debiera traducirse en rigor, pero en gallego estos diminutivos aparentes simbolizan, nó lo pequeño, si no lo tierno y afectuoso.

21. Toda-l-as penas s'acaban,
meu glorioso San Martín;
toda-l-as penas s'acaban
as miñas non tèñen fin.

Los números 7, 10, 12, 14, 16, 19, 20 y 21 fueron obtenidos en el partido judicial de Betanzos.

VACILACIÓN

1. Á tua porta me tès
como á un feixe de palla;
nin ben me dis que me estéa,
nin ben me dis que me vaya. (1)

2. Se non falo, son señora;
se falo, comprometida;
¡válgame Dios de los cielos
non sei de qué modo viva!

3. *Xorxiño* doum'un consello, (Jorge)
non sei si me engañaría;
os homes son moi truháns
pr'o con Xorxe eu casaría!

(1) Este cantar es semejante al núm. 4, pág. 2 del tomo I.

VILLANCICO

1. Moito estimara
darch'un bò leito,
porque, se pensas,
pasá-l-o inverno,
n-ese pesebre,
¡non leva xeito! (1)

Obtenido en Vivero, provincia de Lugo y en la parroquia de Cerbo de la misma provincia.

Los cantares de este tercer tomo, cuyo origen no se expresa, proceden de los publicados: por el Sr. Milá y Fontanals, por el Sr. D. Marcial Valladares en su *Diccionario Gallego*, por la señora doña Rosalía Castro de Murguía, por los Sres. Fernández Alonso y Casares (don Fermín) en la obra de las *Tradiciones populares del Folk-Lore Gallego*; de los recogidos en el distrito de Buján por el Sr. D. Salvador Golpe, y por último de orígenes no recordados.

La colección de los dos primeros tomos obtuvo el primer accésit en el certamen de la Sociedad de los juegos florales de Pontevedra, celebrado en Agosto de 1884 bajo la presidencia honoraria del Excmo. Sr. D. Víctor Balaguer y del Presidente de dicha sociedad, Excelentísimo Sr. D. Luis Rodríguez Seoane.

(1) *Xeito* equivale á *modo*.

INDICE DE ESTE TOMO

	Págs.
Agravios	1
Agrícolas	5
Aguinaldo	6
Alboradas	8
Amorosos	9
Animales, plantas y frutas	22
Aritmética	34
Astros	35
Ausencias	36
Baile y Música	39
Burlescos	43
Cantar (sobre)	55
Casamiento	60
Celos	67
Cinco sentidos	68
Comida	70
Consejos	76
Cualidades personales	81
Cuna	93
Desaires	94
Desconfianza	96
Desengaño	98
Desdenes	99
Deseos	100
Despedidas	101
Desprecios	105
Diálogos y «enchoyadas»	107

Págs.

Días 114
Dote 116
Edades 118
Educación 119
Enfermedades 120
Enseñanza 122
Fanfarronadas y valentonadas 123
Geográficas 126
Graciosas 145
Gratitud 177
Hurto 178
Infantiles 179
Juego de palabras 186
Hábitos 187
Honradez 188
Indolencia 189
Intereses 190
Malevolencia 192
Maldiciones 193
Mentiras 196
Meses 197
Meteorológicos 198
Muiñeiras 199
Murmuración 210
Nombres de personas 213
Odio 214
Oficios 215
Pérdidas 220
Picarescas 222
Piropos 235
Pregones 238
Quejas 239
Reconvención 240
Reflexivos 242
Religiosos 250

Págs.

Rondadores 253
Romances 255
Ruada. 270
Salutación 271
Santos, santuarios y romerías. 273
Sucios 279
Supersticiosos 282
Trabalenguas. 284
Trajes 287
Tristeza 290
Vacilación 296
Villancico. 297

ERRATAS MÁS NOTABLES DE ESTE TOMO

Página.	Línea.	Dice.	Debe decir
9	8	mali'a	mali'á
10	9	á artillería	a artillería
13	15	mi	min
15	15	n'o-é	n-é
26	16	fágame	fáganse
66	13	Bujan	Buján
72	13	tres	dès
75	15	partidos	en el partido
76	1	Consejo	Consejos
80	14	si tes	si tès
81	5	teñoa	téñoa
90	3	es	ès
94	10	Fun o	Fùn ô
111	20	D'ónde ves	D'ônde vès
112	8		
118	9	á e	á la e
127	20	ferrocarril	ferrocarril, en la Coruña
130	20	Partido	En el partido
133	22	Esta	Esta línea
157	10	Eu ben vir	Eu ben vin
	14		
164	20	la h como	la h, como
177	2	pague a	pague á
178	4	sácoa	sáco-a
193	2	A porta	Á porta
199	1	Muiñeira	Muiñeiras
	17	trabelhey	trebelhey
208		onomatopella	onomatopeya
221	2	atopas	atopar
253	6	A tua	Á tua